

# Departamento de Francés

---

## Programación Didáctica

**Curso 2021 - 2022**

**I. E. S. Isidro Parga Pondal**

**Carballo**

<b>1. Introducción e contextualización.....</b>	<b>4</b>
1.1. Presentación e composición do Departamento .....	4
1.2. Niveis, cursos e grupos .....	4
<b>2. Contribución da área de Francés Lingua Estranxeira á adquisición das competencias clave</b>	<b>5</b>
2.1. Competencia en comunicación lingüística.....	6
2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía .....	6
2.3. Competencia dixital .....	6
2.4. Aprender a aprender.....	7
2.5. Competencias sociais e cívicas .....	7
2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.....	8
2.7. Conciencia e expresións culturais.....	8
2.8. Indicadores xerais das competencias clave.....	9
<b>3. Obxectivos.....</b>	<b>12</b>
3.1. Obxectivos da 2ª Lingua Estranxeira.....	12
3.2. Concreción de obxectivos por cursos .....	17
3.2.1. Primeiro de ESO .....	17
3.2.2. Segundo de ESO.....	17
3.2.3. Terceiro de ESO .....	18
3.2.4. Cuarto de ESO.....	18
3.2.5. Obxectivos para o Bacharelato .....	19
<b>4. Metodoloxía .....</b>	<b>20</b>
4.1. Principios metodolóxicos de educación.....	20
4.2. Didáctica da lingua estranxeira.....	21
4.3. Concrecións metodolóxicas da materia .....	22
4.3.1. Para a docencia presencial .....	23
4.3.2. Para a docencia non presencial .....	23
<b>5. Materiais e recursos didácticos.....</b>	<b>24</b>
5.1. Para a docencia presencial .....	24
5.2. Para a docencia non presencial .....	24
5.3. Libros de texto .....	24
<b>6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe, temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación na ESO e no Bacharelato.....</b>	<b>26</b>
6.1. Primeiro curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés .....	27

6.2. Segundo curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés .....	34
6.3. Terceiro curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés .....	44
6.4. Cuarto curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés.....	55
6.5. Primeiro de Bacharelato, 2ª Lingua Estranxeira, Francés.....	67
6.6. Segundo de Bacharelato, 2ª Lingua Estranxeira, Francés.....	79
6.7. Procedementos e instrumentos de avaliación .....	96
6.7.1. Para a docencia presencial .....	96
6.7.2. Para a docencia non presencial .....	97
6.8. Secuenciación .....	97
<b>7. Concreción de 1º de ESO, 2ª Lingua Estranxeira .....</b>	<b>98</b>
<b>8. Concreción de 2º de ESO, 2ª Lingua Estranxeira .....</b>	<b>177</b>
<b>9. Concreción de 3º de ESO, 2ª Lingua Estranxeira .....</b>	<b>250</b>
<b>10. Concreción de 4º ESO, 2ª Lingua Estranxeira .....</b>	<b>327</b>
<b>11. Concreción de 1º de Bacharelato, 2ª Lingua Estranxeira .....</b>	<b>392</b>
<b>12. Concreción de 2º de Bacharelato, 2ª Lingua Estranxeira .....</b>	<b>448</b>
<b>13. Grao mínimo de consecución para superar a materia de Francés .....</b>	<b>506</b>
<b>14. Contidos transversais.....</b>	<b>512</b>
14.1. Para 1º e 2º de ESO.....	513
14.2. Para 3º e 4º de ESO.....	514
14.3. Para o Bacharelato .....	515
<b>15. Medidas de atención á diversidade.....</b>	<b>516</b>
15.1. Para a docencia presencial .....	516
15.2. Para a docencia non presencial .....	517
<b>16. Plan lector .....</b>	<b>517</b>
<b>17. As TIC .....</b>	<b>517</b>
<b>18. Actividades complementarias e extraescolares para a ESO e o Bacharelato.....</b>	<b>520</b>
<b>19. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados .....</b>	<b>520</b>
<b>20. Criterios de avaliación, de cualificación e de promoción.....</b>	<b>521</b>
20.1. Criterios de avaliación .....	521

20.1.1. Para a docencia presencial .....	521
20.1.2. Para a docencia non presencial .....	522
20.2. Criterios de cualificación .....	522
20.2.1. Para a docencia presencial .....	522
20.2.2. Para a docencia non presencial .....	524
20.3. Criterios de promoción .....	524
20.4. Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos de Francés en 1º de Bacharelato .....	524
20.5. Recuperación de alumnos pendentes .....	525
<b>21. Contribución ao plan de convivencia .....</b>	<b>526</b>
21.1. Actuacións xerais .....	526
21.2. Actuacións específicas .....	526
<b>22. Educación en valores .....</b>	<b>526</b>
<b>23. Procedemento de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente .....</b>	<b>527</b>
23.1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos.....	527
23.2. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	527
23.3. Procesos de mellora .....	528
<b>24. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles por se volve darse unha situación similar á do 3º trimestre do curso 2019 - 2020 .....</b>	<b>528</b>
<b>25. Publicidade da programación.....</b>	<b>529</b>

## **1. Introducción e contextualización**

O IES Isidro Parga Pondal sitúase en Carballo, capital de Bergantiños e un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados.

A procedencia social e xeográfica do noso alumnado distribúese entre o rural e a zona urbana, moi parellos na súa porcentaxe. A súa lingua de expresión habitual é o galego e a nivel educativo familiar obsérvase un claro predominio dos estudos primarios.

A nova realidade social debe estar presente na metodoloxía utilizada, o que supón que toda a comunidade educativa usará todos os recursos ao seu alcance para preparar o alumnado no coñecemento de saberes técnicos e científicos, pero tamén para formalo en varias linguas estranxeiras e como cidadáns. De aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, responsabilidade e cooperación.

O Departamento de Francés ofrécelle ao alumnado a posibilidade de coñecer a lingua e a cultura francesas co obxectivo principal de desenvolver a súa competencia lingüística e comunicativa en Francés e de enriquecer a súa formación como persoas, como cidadáns e como profesionais competentes.

### **1.1. Presentación e composición do Departamento**

Neste curso 2021 – 2022 o Departamento de Francés conta con tres membros :

Don JESÚS PENSADO FIGUEIRAS, profesor de Ensino Secundario con destino definitivo e director do centro.

Imparte Francés, 2ª Lingua Estranxeira, en 1º de Bacharelato.

Dona PAULA MARÍA IGLESIAS BARRAL, profesora interina con Latín como materia afin.

Imparte Francés, 2ª Lingua Estranxeira, en 2º ESO ; en 3º ESO BCD ( desdobre ) e en 2º de Bacharelato. Como materia afin imparte Latín en 4º ESO e tamén ten a titoría de 2º ESO B.

Dona MARÍA DEL CARMEN CANEDO FONTENLA, profesora de Ensino Secundario con destino definitivo no centro e xefa de Departamento.

Imparte Francés, 2ª Lingua Estranxeira, en 1º ESO ; en 3º ESO A e en 3º ESO BCD ( desdobre ) así como en 4º ESO.

### **1.2. Niveis, cursos e grupos**

<b>NIVEL</b>	<b>CURSO</b>	<b>Nº DE GRUPOS</b>
<b>ESO-2ª LINGUA ESTRANXEIRA</b>	<b>1º</b>	<b>5</b>

<b>ESO-2ª LINGUA ESTRANXEIRA</b>	<b>2º</b>	<b>5</b>
<b>ESO-2ª LINGUA ESTRANXEIRA</b>	<b>3º</b>	<b>3</b>
<b>ESO -2ª LINGUA ESTRANXEIRA</b>	<b>4º</b>	<b>1</b>
<b>BACHARELATO-2ª LINGUA ESTRANXEIRA</b>	<b>1º</b>	<b>2</b>
<b>BACHARELATO- 2ª LINGUA FRANCÉS</b>	<b>2º</b>	<b>1</b>

## **2. Contribución da área de Francés Lingua Estranxeira á adquisición das competencias clave**

As competencias clave defínense como aquelas aprendizaxes consideradas básicas no Currículo e que deberán ser adquiridas ao final da etapa do Ensino Secundario e do Bacharelato para que os mozos e mozas poidan lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

De acordo co Currículo da LOMCE, e no marco da proposta realizada pola Unión Europea, **son sete as competencias clave** que se sinalan tanto para a etapa da Educación Secundaria como para o Bacharelato :

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

Ademais da **competencia comunicativa**, que constitúe a esencia da materia e que é a mais traballada por tratarse da aprendizaxe dun idioma, a ensinanza e a aprendizaxe da Lingua Francesa contribúe a desenvolver as competencias clave, debido a que o ensino dunha lingua viva conduce inevitablemente a abordar realidades transversais e interdisciplinares. Algunhas desas competencias asócianse inevitablemente co enfoque que se lle dá na clase á Lingua Francesa ( competencia dixital,

aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, competencia de conciencia e de expresións culturais ). Outras son menos centrais, pero todas se abordan e requiren do alumno, para cada unha delas, un mínimo de toma de conciencia e unha actitude favorable.

### **2.1. Competencia en comunicación lingüística**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe a desenvolver esta competencia directa, completando, enriquecendo e engadindo novos aspectos de comprensión e expresión da competencia comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese ao uso da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita , representación , interpretación e comprensión da realidade, construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento , emocións e comportamento. Todas as unidades que se van traballar ofrecen unha gran variedade de actividades que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar. Os alumnos utilizarán a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, desenvolvendo esta competencia en todas as unidades. Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que está orientada a adquisición de destrezas e actitudes propias das habilidades comunicativas. Intentarase crear actitudes que fomenten o diálogo entre alumnos e alumnas, que aprendan a escoitar e a dialogar.

### **2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Non sendo a priori fundamental no proceso da aprendizaxe do Francés, necesítase non só nas actividades centradas nos números, senón tamén nas actividades nas que se traballa a noción de tempo, o ritmo na pronunciación, a lóxica e a dedución non numéricas, posto que a competencia matemática é tamén a aptitude para desenvolver e aplicar un razoamento matemático para chegar a resolver diferentes problemas. Esta actitude requirida en clase de francés é practicamente a mesma que se require no ámbito matemático e científico xeral : o respecto á verdade, a vontade de encontrar argumentos, o rigor intelectual, así como avaliar a súa validez.

### **2.3. Competencia dixital**

A competencia dixital está no centro da aprendizaxe do Francés, xa que o longo do curso empréganse medios visuais, auditivos, así como ordenadores, para desenvolver diversas tarefas. Así que esta competencia é sobre todo, instrumental.

A materia anima os alumnos a que utilicen as novas tecnoloxías para realizar as actividades de procura de información en Internet, para comunicarse cos seus amigos. para preparar as súas presentacións... A materia permítelles aos alumnos comprender o papel e as posibilidades das TIC na vida diaria, privada, en sociedade e no traballo. Sensibilízaos, do mesmo xeito, cos posibles riscos

de Internet e da comunicación a través de soportes electrónicos ( correo electrónico, aplicacións en rede ), cos problemas de validez e fiabilidade das informacións dispoñibles, e tamén cos riscos para a súa saúde como por exemplo, ter bos hábitos ante o ordenador. Finalmente, inténtase que reflexionen e exerzan o seu espírito crítico sobre o papel e os perigos das ferramentas dixitais no día a día : as mensaxes, o móbil.

#### **2.4. Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con eso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia.

Aprender unha lingua estranxeira é moito máis eficaz se se inclúen os contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifique como aprender mellor e que estratexias os fans máis eficaces. Isto implica a conciencia das capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración , a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

Moitas das actividades propostas nos métodos que imos utilizar permítenlle ao alumno coñecer cales son as súas estratexias de aprendizaxe favoritas, e cales son os puntos fortes e débiles das súas aptitudes e cualificacións. Dese modo a competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

#### **2.5. Competencias sociais e cívicas**

Na clase de Lingua francesa dáse unha gran importancia á aprendizaxe en grupo, polo que a competencia social ten un gran valor. Os códigos de conduta que se deben respectar na vida colectiva de forma xeral son os mesmos que os que se deben respectar no colexio e na clase; no grupo e nos subgrupos cando, por exemplo, se realicen as tarefas finais. No día a día, os alumnos deben respectar as regras de cortesía, saudarse, respectar as quendas de palabra, escoitar os demais, respectar os seus esforzos para facerse entender a pesar das dificultades da lingua. A través das actividades, aprenden a respectar as nocións fundamentais do individuo, do grupo, da organización do traballo, da igualdade entre homes e mulleres e da non discriminación, da sociedade e da cultura. O descubrimento dunha realidade diferente á súa, a do mundo francófono, dálles a oportunidade de



exercer unha actitude aberta e tolerante. As tarefas finais son por si soas a ocasión perfecta de demostrar unha actitude positiva: colaboración, valoración da diversidade e do respecto aos demais, e aceptación de compromisos. A competencia social está unida ao benestar persoal e colectivo que esixe comprender como os individuos poden asegurarse un estado óptimo de saúde física e mental. Deste xeito os documentos relativos á saúde e á ecoloxía contribúen ao desenvolvemento desta competencia clave.

No que respecta ás competencias cívicas, preténdese que sexan conscientes de que pertencen a unha sociedade occidental privilexiada. O coñecer outro país desde o punto de vista «político» e histórico contribúe ao desenvolvemento da competencia cívica. Os alumnos atoparán informacións básicas sobre a bandeira, o himno nacional, a festa nacional e as súas orixes, sobre diferentes cidades e diferentes autores literarios que dan unha perspectiva histórica e pública do país onde naceu a lingua que están aprendendo.

## **2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Dada a súa idade, os alumnos están aínda lonxe do mundo profesional, onde deberán facer proba deste espírito emprendedor indispensable no mundo moderno. Pero non é demasiado pronto para axudalos a desenvolver unha actitude favorable á adquisición desta competencia.

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Eso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto. Os rapaces deben adquirir a competencia de elixir por si mesmos, valorando as consecuencias, asumindo os riscos e afrontando os posibles problemas para así, seren capaces de aprender dos seus erros. O sentido da iniciativa é outra das competencias que se ten en conta dentro dos diferentes niveis dos métodos que utilizamos, xa que axudan aos alumnos para ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, de proxectos creativos individuais e en grupo.

## **2.7. Conciencia e expresións culturais**

Non todos os individuos nacen cos mesmos dons artísticos, pero todos teñen dereito a aprender a sentir as emocións estéticas e o deber de respectar as manifestacións culturais e artísticas que enriquecen o mundo.

A competencia en conciencia e expresións culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da

riqueza e patrimonio dos pobos. Ao aprender a Lingua Francesa, estúdase tamén a cultura e a arte, xa que son a máxima expresión da súa civilización. A ilustración dos contidos lingüísticos ou comunicativos, con imaxes ou con fragmentos de obras literarias, é un recurso óptimo xa que proporciona ao alumno unha visión máis completa das posibilidades expresivas da francés, así como dalgunhas das súas manifestacións culturais máis representativas. Ao longo das diferentes unidades os alumnos descubren diferentes elementos do patrimonio cultural en Francia : monumentos, cidades, cómics, personaxes famosos, marcas, museos... Todo eso contribúe a desenvolver a conciencia cultural, e vese completado polas actividades e os proxectos, que están especificamente enfocados ao fomento da expresión libre dos alumnos, como a escritura, a recitación ou a interpretación de cancións.

## 2.8. Indicadores xerais das competencias clave

COMPETENCIAS	INDICADORES
<b>a) Comunicación lingüística ( CCL )</b>	1. Desenvolve habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social. 2. É capaz de escoitar, falar e conversar en francés. 3. É capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiadas a cada situación. 4. Sabe ler textos en francés e así amplía coñecementos e favorece o acceso a diversas
	fontes de información, comunicación e aprendizaxe. 5. Realiza tarefas lingüísticas e non lingüísticas que demostran a comprensión dun texto escrito. 5. Recoñece e aprende as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece. 6. Adapta a mensaxe oral ou escrita ás súas posibilidades e coñecementos lingüísticos.
<b>b) Competencia matemática e competencias</b>	1. Elabora documentos empregando recursos

<b>básicas en ciencia e tecnoloxía ( CMCCT )</b>	<p>verbais.</p> <p>2. Resolve encrucillados, puzzles e sopas de letras.</p> <p>3. Localiza a información xeográfica, histórica e cultural requirida en Internet ou outras fontes.</p>
<b>c) Competencia dixital ( CD )</b>	<p>1. Usa as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información e para producir textos.</p> <p>2. Usa as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para progresar na aprendizaxe da lingua francesa.</p> <p>3. Aproveita os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.</p>
<b>d) Aprender a aprender ( CAA )</b>	<p>1. Utiliza de forma consciente en contextos de comunicación variada, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua francesa como instrumento de autoavaliación nas producións propias orais e escritas.</p> <p>2. Reflexiona sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.</p> <p>3. Identifica oralmente e mediante diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe.</p> <p>4. Resolve problemas de comprensión a través da aplicación dos coñecementos da súa propia lingua ou doutras linguas.</p> <p>5. É consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc.</p>

	para afrontar o reto da aprendizaxe.
<b>e) Competencias sociais e cívicas ( CSC )</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aproveita a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender de e cos demais.</li> <li>2. Usa as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para establecer relacións orais e escritas, mostrando interese polo o seu uso.</li> <li>4. Utiliza o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.</li> <li>5. Recoñece e acepta, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.</li> </ol>
<b>f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor ( CSIEE )</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Organiza o seu traballo e toma iniciativas para a boa e correcta presentación das tarefas .</li> <li>2. Organízase para participar en actividades e exercicios de acordo coas súas capacidades.</li> </ol>
<b>g) Conciencia e expresións culturais ( CCEC )</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identifica os aspectos culturais máis relevantes dos países francófonos, sinala as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da súa sociedade.</li> <li>2. Identifica os aspectos culturais máis relevantes dos países francófonos e mostra unha valoración positiva dos patróns culturais diferentes aos propios.</li> <li>3. Realiza traballos creativos individualmente e en</li> </ol>

	<p>grupo.</p> <p>4. Realiza representacións de simulacións e narracións.</p>
--	--

### 3. Obxectivos

#### 3.1. Obxectivos da 2ª Lingua Estranxeira

#### ***DECRETO 86/2015 DO 25 DE XUÑO POLO QUE E ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA***

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de

relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente.

Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que

logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar.

Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua,

como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas



vertentes : pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Desta maneira poderán desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional.

Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa : comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do

quinto bloque que correspondan.

## **3.2. Concreción de obxectivos por cursos**

### **3.2.1. Primeiro de ESO**

- a) Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- b) Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado cun fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- c) Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado cun fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- d) Escribir textos sinxelos con fins diversas sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
- e) Transferir ao coñecemento do francés as estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna ou na aprendizaxe doutras linguas, coa fin de realizar tarefas interactivas en situacións reais ou simuladas.
- f) Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- g) Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance ( bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe ).
- h) Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- i) Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
- l) Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

### **3.2.2. Segundo de ESO**

- a) Facer que o alumno tome conciencia dos coñecementos xerais previos.

- b) Comprender mensaxes orais sinxelas, referidas ás situacións de comunicación máis habituais.
- c) Comprender mensaxes escritas en francés relativas ás diversas situacións de comunicación.
- d) Utilizar o francés como lingua prioritaria de comunicación no desenvolvemento da clase.
- e) Utilizar a lingua estranxeira de forma oral para satisfacer as necesidades máis básicas de comunicación na aula, amosando interese por entender e por facerse entender.
- f) Ler de forma comprensiva textos sinxelos, adecuados ás súas necesidades, capacidades e intereses, para poder acadar a información global.
- g) Producir mensaxes escritas sinxelas en francés, respectando as regras básicas do código escrito.
- h) Amosar en todo momento respecto e tolerancia cara aos compañeiros, profesor/a, países e falantes francófonos.
- i) Aceptar os erros como parte fundamental no proceso ensinanza – aprendizaxe.

### **3.2.3. Terceiro de ESO**

- a) Predicir e anticipar o contido de textos orais e escritos a partir de interpretación de elementos lingüísticos e non lingüísticos.
- b) Formular opinións e apreciacións de forma sinxela en linguaxe oral e escrita.
- c) Transmitir información esencial a outras persoas sobre o escoitado ou lido.
- d) Comprender e dar instrucións e explicacións relativas á vida cotiá.
- e) Comprender as ideas principais e secundarias en textos orais e escritos.
- f) Construír pequenos textos e organizar as ideas de forma coherente.
- g) Coñecer e practicar as regras básicas relativas á ortografía, morfoloxía e sintaxe.
- h) Utilizar o material de aprendizaxe de forma adecuada e como fonte de información.
- i) Producir textos creativos a partir de pautas.
- l) Deducir e inducir normas gramaticais a través da observación de feitos lingüísticos orais e escritos.
- m) Aceptar a diferenza e manifestar unha actitude de interese e respecto cara a outros pobos e culturas e a outros xeitos de entender a vida e o mundo.
- n) Desenvolver unha actitude crítica cara á información, as opinións, as hipóteses, os modelos e os estereotipos presentados.
- o) Traballar co apoio das TICS se é posible.

### **3.2.4. Cuarto de ESO**

- a) Repasar e reforzar o adquirido.
- b) Utilizar o francés como lingua de comunicación na clase.
- c) Formular opinións e apreciacións en linguaxe oral e escrita.

- d) Comprender e dar instrucións e explicacións relativas á vida cotiá en linguaxe oral.
- e) Construír pequenos textos e organizar as ideas de forma coherente.
- f) Coñecer e practicar as regra básicas relativas á ortografía, morfoloxía e sintaxe.
- g) Utilizar o material de aprendizaxe de forma adecuada e como fonte de información.
- h) Establecer as correspondencias básicas entre a lingua oral e escrita para poder pasar dun código ó outro sen dificultade.
- i) Producir textos creativos a partir de pautas.
- l) Deducir e inducir normas gramaticais a través da observación de feitos lingüísticos orais e escritos.
- m) Aceptar a diferenza e manifestar unha actitude de interese e respecto cara a outros pobos e culturas e a outros xeitos de entender a vida e o mundo.
- n) Desenvolver unha actitude crítica cara á información, as opinións, as hipóteses, os modelos e os estereotipos presentados.
- o) Traballar co apoio das TICS.

### **3.2.5. Obxectivos para o Bacharelato**

O ensino do **Francés** no **Bacharelato**, segundo o novo currículo, debe contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades :

- a) Comprender e interpretar a información global e informacións específicas con dificultade progresiva, relativas a situacións habituais de comunicación, procedentes dos diferentes medios de comunicación audiovisuais ou emitidas oralmente en relacións directas, acudindo a claves lingüísticas e non lingüísticas.
- b) Comprender as informacións de carácter xeral e específico, contidas en textos escritos en fontes variadas, de progresiva dificultade, desenvolvendo estratexias persoais que axuden a acceder á información.
- c) Expresarse na lingua estranxeira, de forma oral e escrita, en situacións da vida cotiá, mostrando interese por comprender e facerse comprender, así como recoñecer e empregar o ritmo e entoación propios da lingua estranxeira.
- d) Compoñer textos escritos, con dificultade progresiva e diversa intencionalidade.
- e) Ler de maneira autónoma libros curtos e sinxelos que traten temas próximos ás súas necesidades e intereses, como medio de información, formación e lecer, comprendendo os seus elementos esenciais.
- f) Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira na comunicación para mellorar as producións propias e comprender as alleas. Recoñecer os elementos básicos que

conforman o sistema da lingua para unha progresiva corrección na elaboración dos discursos.

- g) Coñecer e utilizar os elementos socioculturais, lingüísticos e non lingüísticos, que incidan na mellora da comprensión e da expresión.
- h) Recoñecer e utilizar as estratexias adquiridas na aprendizaxe das outras linguas do Currículo para avanzar na aprendizaxe da nova lingua, reflexionando sobre os procesos de aprendizaxe, reforzando aqueles que permitan un maior grao de autonomía que lles permitan seguir aprendendo ao longo da vida.
- i) Coñecer algúns dos elementos distintivos da cultura e historia dos países falantes da lingua obxecto de estudo.
- l) Coñecer fontes de información, a través da Internet, nos países falantes da lingua en estudo.

#### **4. Metodoloxía**

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe.

##### **4.1. Principios metodolóxicos de educación**

- Partir da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter unha aprendizaxe significativa.
- Ter en conta o que saben xa para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, á confrontación de opinións, á inferencia racional e á verbalización das emocións.
- Respectar as particularidades de cada alumno (f. / m.), adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.
- Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.

- Favorecer a autoavaliación e a coavaliación, como ferramenta para pór de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.
  - Acostumar ao traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando ás confrontacións.
  - Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.
  - Crear un ambiente de colaboración, de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ao patrimonio natural e cultural propio e ao dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.
  - Centrarse nun talante de resolución de problemas e desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- A partires destes principios establécese como prioritario para a metodoloxía dun idioma estranxeiro :
- Claridade e orde sistemática no proceso de aprendizaxe.
  - Tratamento da lingua oral.
  - Desenvolvemento da capacidade para a comprensión de textos orais.
  - Desenvolvemento da capacidade para a expresión oral : discriminar e reproducir sons, producir frases, establecer conversacións.
  - Tratamento da lingua escrita.
  - Desenvolvemento da capacidade para a comprensión de instrucións : cadros, regras.
  - Desenvolvemento da capacidade para a lectura comprensiva dunha narración.
  - Desenvolvemento da capacidade para a expresión escrita.
  - Proporcionar os datos socioculturais necesarios para que o alumno se familiarice cos elementos representativos do país cuxa lingua se está estudando ( formas de vida, temas diversos, valores ).

#### **4.2. Didáctica da lingua estranxeira**

Desenvolve a capacidade de interactuar nas situacións das habilidades do uso oral da lingua (escoitar, falar, conversar) así como as habilidades de ler e escribir, e potencia tanto as destrezas produtivas como as receptivas, dando á comprensión un lugar relevante ( escoitar e comprender, ler e comprender ).

Como en toda lingua, a competencia en comunicación lingüística é a máis importante cando se aprende unha lingua estranxeira, sendo a lingua non unha finalidade en sí mesma senón unha ferramenta, un útil para a comunicación.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. Por tanto, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que

contextualicen esas aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

### 4.3. Concrecións metodolóxicas da materia

Baséanse, fundamentalmente, nun **enfoque comunicativo** do ensino do **Francés**, considerado, ante todo, un instrumento de comunicación que permite a comprensión mutua entre aqueles que a utilizan. Trátase, polo tanto, de conducir os alumnos e as alumnas cara á adquisición da **competencia comunicativa en francés**. Ao mesmo tempo, tamén se teñen moi en conta nos **procesos de aprendizaxe** as idades dos adolescentes para os que están concibidos.

Tendo en conta estes principios metodolóxicos, préstase especial atención aos seguintes aspectos :

- **A lingua en situación.** O punto de partida en todas as actividades é unha situación de comunicación que permite contextualizar os diferentes elementos lingüísticos : os actos de fala, a gramática e o vocabulario.
- **O traballo en parellas e en pequenos grupos.** Moitas das actividades están deseñadas para seren realizadas en parellas ou en pequenos grupos para así fomentar a interacción entre os alumnos/as e entre os alumnos/as e o profesor. Esta interacción é indispensable para que se produza unha auténtica comunicación dentro da aula.
- **A práctica das catro destrezas.** As actividades que compoñen cada unha das unidades están pensadas para que a comprensión e a expresión orais, así como a comprensión e a expresión escritas, estean presentes desde a primeira unidade.
- **A sinxeleza na presentación dos contidos.** O principal obxectivo á hora de seleccionar e secuenciar os contidos ao longo das unidades é facilitar a súa adquisición e non sobrecargar as unidades.
- **A práctica sistemática da gramática.** O alumnado practica os coñecementos presentados de forma controlada e sistemática.
- **A selección de temas e documentos.** Para que a aprendizaxe do francés represente para os alumnos/as unha experiencia motivadora e atractiva, preséntase unha gran variedade de temas e documentos, todos eles próximos ao contorno do alumnado.
- **A progresión en espiral.** Dado que é necesario volver sobre os contidos para que se produza unha verdadeira aprendizaxe, a progresión en espiral facilita a memorización a través da

reutilización de contidos, de modo que exista un equilibrio entre o xa aprendido e os contidos novos.

#### **4.3.1. Para a docencia presencial**

Os aspectos detallados no apartado anterior son aplicados na aula da seguinte maneira :

- actividades do Libro do alumno
- actividades do Libro de exercicios
- actividades propostas polo profesorado para realizar no seu caderno persoal
- fichas de exercicios ( gramática, vocabulario, etc )
- documentos sonoros ( cancións, gravacións, etc )
- exercicios de comprensión oral
- exercicios de comprensión escrita
- lecturas
- redaccións e traballos
- actividades en Internet proporcionadas polo profesorado
- xogos e actividades para interactuar na clase e favorecer a comunicación oral

#### **4.3.2. Para a docencia non presencial**

Neste suposto a actividade docente desenvolverase, fundamentalmente, a través da Aula Virtual do centro ou ben doutras plataformas e medios telemáticos corporativos existentes como por exemplo Abalar, Webex, a páxina web e o correo do centro.

Se houberse alumnado con problemas de conexión, a comunicación e a entrega das tarefas faranse por vía telefónica e por correo ordinario.

Realizaranse tarefas individuais que favorezan e reforcen a asimilación e comprensión dos contidos dados :

- fichas de explicación gramatical
- actividades do Libro de exercicios
- actividades propostas polo profesorado no seu caderno persoal
- fichas con exercicios para completar
- exercicios de comprensión oral do Libro do alumno e do Libro de exercicios
- exercicios de comprensión escrita
- redaccións e traballos
- documentos sonoros e actividades en Internet proporcionados polo profesorado



## **5. Materiais e recursos didácticos**

### **5.1. Para a docencia presencial**

- Libro do alumno
- Libro de exercicios
- CD audio para a clase
- Material multimedia dos métodos utilizados
- Caderno persoal
- Pizarra
- Ordenador, canón e pantalla
- Aula Virtual
- Fichas
- Textos e lecturas
- Documentos audiovisuais ( cancións, vídeos, etc )
- Xogos e actividades en Internet

### **5.2. Para a docencia non presencial**

- Libro do alumno
- Libro de exercicios
- CD audio para a clase
- Material multimedia dos métodos utilizados
- Caderno persoal
- Fichas
- Documentos audiovisuais ( cancións, vídeos, etc )
- Actividades en Internet
- Aula Virtual e Webex
- Páxina web, correo e teléfono do centro
- Correo ordinario

### **5.3. Libros de texto**

<b>Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2020/2021</b>	
Código de centro : 15027307	Denominación do centro : IES ISIDRO PARGA PONDAL

Enderezo : Rúa Muiño da Pintura, 4, 15100 Concello : CARBALLO Provincia : A CORUÑA

Correo electrónico :

ies.parga.pondal@edu.xunta.es

Teléfono: 881 88 03 71

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición	PGL T *
1º ESO	FRANCÉS 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français 1</i> , Livre de l'élève, Editorial Santillana, 2015.	ISBN: 978- 84-96597- 97-6	FRANCÉS	N
1º ESO	FRANCÉS 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français 1</i> , Cahier d'exercices, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 96597-97- 6	FRANCÉS	N
2º ESO	FRANCÉS 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français 2</i> , Livre de l'élève, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 927-2923- 4	FRANCÉS	N
2º ESO	FRANCÉS 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français</i> , Cahier d'exercices, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 927-2945- 6	FRANCÉS	N
3º ESO	FRANCÉS 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français 3</i> , Livre de l'élève, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 9049-016- 7	FRANCÉS	N

3º ESO	FRANCÉS 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français,</i> Cahier d'exercices, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 9049-016- 7	FRANCÉS	N
4º ESO	4º ESO 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français 4,</i> Livre de l'élève, Editorial Santillana, 2015.	ISBN: 978-84- 9049-187- 4	FRANCÉS	N
4º ESO	4º ESO 2ª lingua	<i>Parachute, Méthode de français,</i> Cahier d'exercices, Editorial Santillana, 2016.	ISBN: 978-84- 9049-215- 4	FRANCÉS	N
1º BAC	FRANCÉS 2ª lingua	<i>C'est à dire</i> A1 Livre de l'élève, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 92729-63- 0	FRANCÉS	N
1º BAC	FRANCÉS 2ª lingua	<i>C'est à dire</i> A1, Cahier d'exercices, Editorial Santillana, 2015.	978-84- 92729-65- 4	FRANCÉS	N
2º BAC	FRANCÉS 2ª lingua	<i>C'est à dire</i> A2 Livre de l'élève, Editorial Santillana, 2015.	978-2-09- 038567-0	FRANCÉS	N
2º BAC	FRANCÉS 2ª lingua	<i>C'est à dire</i> A2 Cahier d'exercices, Editorial Santillana, 2015.	978-2-09- 038568-7	FRANCÉS	N

## 6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe, temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación na ESO e no Bacharelato

Tendo en conta que nos tres primeiros cursos da ESO dispoñemos de 2 horas semanais esperamos traballar 70 sesións que distribuiremos en 3 avaliacións. En 4º da ESO temos 3 sesións por semana, o que fai un total de 105 sesións. Nos cursos de Bacharelato fariamos 70 sesións en 1º de Bacharelato, 2ª LEF, pois temos 2 horas semanais mentres que en 2º de Bacharelato, 2ª LEF, con tres horas por semana, sería posible traballar 90 sesións.

## 6.1. Primeiro curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés

Temporalización	Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª avaliación	<p><b>Bloque 1.</b> <b>Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	<p>Comprender preguntas e información sinxelas relativas á información persoal moi básica ( nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>Usar estratexias básicas de comprensión, do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Rúbricas</p>

		coñece	
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>Rúbricas Escalas de observación Probas orais</p>
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura ( recursos ás imaxes, títulos e outras información visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación e aos transferidos desde as linguas que coñece ), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p>	<p>Escala de observación Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións</p>	<p>Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión</p>	<p>Análise de producións escritas Probas escritas Traballos Rúbricas</p>

	<p>comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p>final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>Observación directa Traballos Rúbricas Probas orais</p>
2ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades</p>	<p>Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico)</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Probas escritas e orais Rúbricas</p>

	<p>inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	<p>emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.2.Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3.Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>	<p>Intercambios orais          Probas orais          Escalas de observación          Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p>	<p>Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e</p>	<p>Escala de observación          Probas escritas          Traballos          Rúbricas</p>

	<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	<p>prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p>	
	<p><b>Bloque 4. Produción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p>	<p>Análise de producións escritas          Probas escritas          Traballos          Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p>Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>Observación directa          Traballos          Probas orais          Rúbricas</p>
3ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.4. Comprende</p>	<p>Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves</p>	<p>Observación directa          Actividades de comprensión oral          Probas escritas e orais</p>



	<p>a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.4.Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5.Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>Rúbricas Escalas de observación Intercambios orais Probas orais</p>
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de</b></p>	<p>Comprender</p>	<p>Caderno de actividades</p>

	<p><b>textos escritos</b></p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	<p>Probas escritas Traballos Escala de observación Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>Análise de producións escritas Rúbricas Probas escritas Traballos</p>
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou</p>	<p>Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde</p>	<p>Observación directa Probas orais Traballos Rúbricas</p>

	ligado a situacións de necesidade inmediata da aula ( pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	as linguas que coñece.  Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.	
--	--	--	--

## 6.2. Segundo curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés

Temporalización	Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª avaliación	<p><b>Bloque 1.</b> <b>Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas</p>	<p>Comprender preguntas e información sinxelas relativas á información persoal moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>Usar estratexias básicas de comprensión, do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas</p>	<p>Observación directa</p> <p>Actividades de comprensión oral</p> <p>Probas orais</p> <p>Caderno de actividades</p> <p>Rúbricas</p>

	<p>con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	<p>principais, ou os detalles relevantes do texto:  anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en</p>	<p>Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentación, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a</p>	<p>Intercambios orais  Probas orais  Rúbricas  Escalas de observación</p>

	situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	mensaxe.	
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras información visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación e aos transferidos desde as linguas que coñece),</p> <p>Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas e orais Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións</p>	<p>Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de</p>	<p>Análise de producións escritas Probas escritas Traballos Rúbricas</p>

	<p>comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p>modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas ( nasalización, sonorización, etc.), e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>Observación directa Probas orais Traballos Rúbricas</p>
2ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades</p>	<p>Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico)</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas escritas e orais Rúbricas</p>

	<p>inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	<p>emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>	<p>Intercambios orais          Probas orais          Escala de observación          Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p>	<p>Comprender con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu</p>	<p>Observación directa          Caderno de actividades          Probas escritas          Rúbricas</p>

	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>	<p>interese.</p> <p>Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p>	
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade.</p>	<p>Análise de producións escritas          Probas escritas          Traballos          Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Identifica sons e grañas de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas,</p>	<p>Traballos          Probas orais e escritas          Escala de observación          Rúbricas</p>



	<p>acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p>	
3ª avaliación	<p><b>Bloque 1.</b> <b>Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde,</p>	<p>Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Probas escritas e orais Rúbricas</p>

	sensacións e sentimentos moi elementais.		
	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse</p>	<p>Dar e obter información sobre datos básicos persoais ( idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>Intercambios orais          Probas orais          Escala de observación          Rúbricas</p>

	entender.		
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas e orais Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha</p>	<p>Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do</p>	<p>Análise de producións escritas Probas escritas Traballos Rúbricas</p>

	presentación limpa e ordenada.	texto.	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p>Probas orais e escritas Traballos Escalas de observación Rúbricas</p>

### 6.3. Terceiro curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés

Temporalización	Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª avaliación	<p><b>Bloque 1.</b> <b>Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión global (lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue ( palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas..</p> <p>SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan</p>	<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas</p>

	boas e o son non estea distorsionado.		
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p>	<p>Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p>	<p>Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais Rúbricas</p>

	palabras e frases.		
2ª avaliación	<p><b>Bloque 1.</b> <b>Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos) nas que se utilicen estruturas sinxelas.</p> <p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probos orais Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 2.</b> <b>Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente</p>	<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos</p>	<p>Intercambios orais Probos orais Rúbricas Escalas de observación</p>



	<p>en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p>	<p>breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p>	
	<p><b>Bloque 3.</b> <b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na</p>	<p>Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>		
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións ( por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p>	<p>Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas,</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>Recoñecer e utilizar</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Rúbricas</p>

	<p>fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p>	
3ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.6. Identifica</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <p>Seguir un texto breve articulado con claridade e</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas</p>

	<p>as ideas principais de programas de televisión e de presentación moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade, cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Producción de</b></p>	<p>Intercambiar de</p>	<p>Intercambios orais</p>

	<p><b>textos orais</b></p> <p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de</p>	<p>xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>Probas orais Rúbricas Escala de observación</p>
--	--	---	--

	<p>maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>		
	<p><b>Bloque 3.</b> <b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo ( por exemplo, sobre un curso de verán ).</p> <p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4.</b> <b>Produción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes ( mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións</p>	<p>Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos</p>	<p>Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>

	<p>elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente</p>	
--	---	---	--

#### 6.4. Cuarto curso de ESO, 2ª Lingua Estranxeira, Francés

Temporalización	Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión,</p>	<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas</p>



	<p>axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	<p>máis importante do texto.</p> <p>Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión</p>	<p>Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>

	<p>escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p>	<p>repeticións para entender a mensaxe.</p>	
	<p><b>Bloque 3.</b> <b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4.</b> <b>Produción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por</p>	<p>Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p>	<p>do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p>	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>
2ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e</p>	<p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas</p>

	<p>estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente</p>	<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>

	<p>en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p>	<p>breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p>	
	<p><b>Bloque 3.</b> <b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián ( por exemplo, unha máquina expendedora ), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas ( por exemplo, nun centro docente ).</p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na</p>	<p>Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>		
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p>	<p>Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas,</p>	<p>Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>

	<p>fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos</p>	
3ª avaliación	<p><b>Bloque 1.</b> <b>Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <p>Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e</p>	<p>Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas</p>

	<p>asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por</p>	<p>Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>



	<p>teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	
	<b>Bloque 3.</b>		

	<p><b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p> <p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>Observación directa  Caderno de actividades  Probas escritas  Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as</p>	<p>Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación</p>	<p>Análise de producións escritas  Traballos  Probas escritas  Rúbricas</p>

	<p>convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>lingüística ( adecuada ao seu nivel escolar ) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	
	<p><b>Bloque 5:</b> <b>Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais,</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>

	<p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>	
--	---	---	--

### 6.5. Primeiro de Bacharelato, 2ª Lingua Estranxeira, Francés

Temporalización	Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo</p>	<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos</p>	<p>Observación directa</p> <p>Actividades de comprensión oral</p> <p>Caderno de actividades</p> <p>Probas orais</p> <p>Rúbricas</p>

	<p>anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, in indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p>	<p>orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	
	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</p>	<p>Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escala de observación</p>

	<p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p>	<p>ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</p>	
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que tratan temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>interese.</p> <p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p>	<p>corporativo.</p>	
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal,</p>	<p>Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir</p> <p>Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</p>	<p>estudos ou á súa formación.</p>	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas</p>	<p>Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora</p> <p>Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>



	diferenzas culturais que poidan existir.		
2ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por</p>	<p>Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</p> <p>Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Actividades de comprensión oral</p> <p>Caderno de actividades</p> <p>Probas orais</p> <p>Rúbricas</p>

	<p>exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p>		
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p>	<p>Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación habitual e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de</p>	<p>Comprender información relevante e previsible en textos descriptivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.</p> <p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p>	<p>experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>Recoñecer a estrutura das cartas formais ( remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura ), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.</p>	
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades</p>	<p>Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p>		
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as</p>	<p>Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá ( hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer ), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.</p> <p>Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>

	competencias que posúe como persoa plurilingüe.	descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	
3ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e</p>	Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.	Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas

	articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.		
	<p><b>Bloque 2.</b> <b>Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>	<p>Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>
	<p><b>Bloque 3.</b> <b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo</p>	<p>Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).</p>	<p>extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.</p>	
	<p><b>Bloque 4.</b> <b>Produción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura</p>	<p>Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>

	esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).	frecuente de carácter xeral.	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintácticodiscursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas

## 6.6. Segundo de Bacharelato, 2ª Lingua Estranxeira, Francés

Temporalización	Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª avaliación	<p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>SLEB1.1. Nas actividades de</p>	Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para comprender o	Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades Probas orais Rúbricas



	<p>aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2.</p> <p>Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p>	<p>sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situación correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	
--	---	--	--

	<p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e</p>	<p>Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escala de observación</p>
--	--	---	---

	<p>respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>	<p>abstractos, como películas, música, libros, etc.</p>	
	<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.</p> <p>Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).</p>		
	<p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e ex-</p>	<p>Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final),</p>	<p>Análise de producións escritas Traballos Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>perencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p> <p>SLEB4.2.</p> <p>Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.</p>	<p>incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <p>Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p>	
	<p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> <p>SLEB5.1.</p> <p>Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral</p>	<p>Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras</p>	<p>Observación directa Intercambios orais Probas orais e escritas Traballos Rúbricas</p>

	<p>e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.</p>	<p>poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.</p>	
2ª avaliación	<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>	Comprender o esencial e a información	Observación directa Actividades de comprensión oral Caderno de actividades

	<p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situación de comunicación comúns se pode pedir confirmación</p>	<p>relevante en en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</p>	<p>Probas orais Rúbricas</p>
--	---	---	----------------------------------

	dalgúns detalles.		
	<p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b></p> <p>SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de</p>	<p>Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación habituais para o alumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que ex- presar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun registro formal,</p>	<p>Intercambios orais Probas orais Rúbricas Escalas de observación</p>



	<p>actualidade.</p>	<p>neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p>	
	<p><b>Bloque 3.</b> <b>Comprensión de textos escritos</b></p> <p>SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).</p> <p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se</p>	<p>Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.</p> <p>Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións);</p>	<p>Observación directa Caderno de actividades Probas escritas Rúbricas</p>

	<p>claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>- Compensar as carencias</p>	<p>do e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun</p>	<p>plans.</p> <p>▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificar palabras de significado parecido.</li> <li>- Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.</li> <li>- Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</li> <li>- Pedir axuda.</li> </ul> </li> <li>- Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</li> <li>- Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).</li> <li>- Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</li> </ul> </li> </ul> <p>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si</p>	<p>registro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p> <p>▪ B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.</p>	<p>▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</li> </ul>			
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica,</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>



Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e</p>	<p>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>▪ B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de</p>	<p>▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p> <p>▪ SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.</p> <p>▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	sinatura).	<p>expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.</p> <p>▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.</p>	<p>▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>▪ SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación:</li> <li>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</li> <li>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</li> </ul> <p>- Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</li> <li>- Estruturación do contido do texto.</li> <li>- Organización do</li> </ul>	<p>texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</li> <li>▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</li> <li>▪ B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e</li> </ul>	<p>concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</li> <li>▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>texto en parágrafos curtos abordando en cada unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>– Revisión:</p> <p>– Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>– Atención ás</p>	<p>servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <p>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.</p>	<p>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descricións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>– Reescritura definitiva.</p> <p>▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>▪ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.</p>			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ p</li> </ul>	<p>▪ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>– Sons e fonemas vocálicos.</p>	<p>▪ B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse</p>	<p>▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización,</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>- Procesos fonolóxicos máis básicos.</li> <li>- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</li> </ul>	<p>pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.</p>	<p>sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>– Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).</p> <p>– Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.</p> <p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas</p>	<p>institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.</p> <p>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos</p>	<p>películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<p>▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>



Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>▪ B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa</p>	<p>lingüísticos ou culturais.</p> <p>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p> <p>▪ B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos</p>		

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>plurilingüe.</p> <p>▪ B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</li> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</li> <li>- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</li> <li>- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</li> <li>- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a</li> </ul>	<p>cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar.</p>		

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>prohibición.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</li> <li>- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</li> <li>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.</li> <li>- Bens e servizos básicos.</li> <li>- Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.</li> </ul> </li> </ul>			

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.</li> <li>- Calquera outro que se considere de interese.</li> <li>- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</li> <li>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</li> </ul>			

**Contidos sintáctico – discursivos :**

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.
- Relacións temporais (*depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que*).

- Exclamación (*Que, Hélas!*)
- Negación (*personne ne..., rien ne..., ne...aucun, ne... que, ne... pas encore*).
- Interrogación (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*).
- Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*il était une fois*); habitual (*de temps en temps, chaque, tous les*); incoativo, terminativo.
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*réussir à*); posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de+ Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq'un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/deseo (*penser/espérer + Inf.*); factitivo o causal con el verbo *faire* (ex: *Pierre a fait tomber son livre/s'est fait couper les cheveux*); condicional (*conditionnel présent*) ; cortesía.
- Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos, pronomes persoais OD e OI, “en”, “y”; proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.
- Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual (*dans n° jours*); divisións (*dans les années, quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); anterioridade (*jusqu'à ce que*); posterioridade (*dès que, depuis (le temps) que*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).
- Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon-là*).

## **Programación didáctica de aula**

### **CONTIDOS**

#### **Unidade 0: Premiers contacts**

#### **Coñecementos**

##### **1) Funcións comunicativas**

Saudar.

Deletrear.

Contar (números).

Dar un número de teléfono.

## **2) Estructuras sintácticas**

Ça va?

Comment ça s'écrit ?

Je m'appelle

Quelle est date de... ?

C'est le... ?

## **3) Léxico**

Alfabeto francés.

Días da semana.

Meses do ano.

Palabras da clase.

## **4) Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía**

### **Padróns sonoros:**

A música xeral do francés.

Entoación afirmativa / Entoación interrogativa.

### **Relación son / grafía:**

Os acentos franceses.

Signos ortográficos (guión, diérese, apóstrofo).

Unha letra especial: Ç.

Paso do escrito ao oral (e viceversa): os números, os nomes dalgúñas cidades de Francia.

## **5) Estratexias de aprendizaxe (comprensión)**

Relacionar o francés e a lingua propia:

- tomar consciencia da proximidade de ambos os idiomas: léxico común ?transparente?;
- identificar diferenzas e apoiarse nelas para memorizar e evitar erros: os números.

Tomar consciencia da gran distancia que existe en francés entre oral e escrito.

Como fixarse obxectivos de aprendizaxe.

## **6) Aspectos culturais e sociolingüísticos**

Saúdos e fórmulas de cortesía francesas.

Siglas de institucións e servizos franceses / xenerais.

Cidades francesas.

Como chamar por teléfono.

## **Aptitudes e destrezas comunicativas**

### **1) Comprensión de textos orais**

- Identificar o francés entre outros idiomas.
- Identificar saúdos (en rexistro neutro ou familiar), nomes e apelidos de persoas.
- Recoñecer o nome das letras do alfabeto e entender cando se deletrea unha palabra.
- Identificar e anotar un número de teléfono.
- Comprender as principais instrucións de clase (as do profesor).

Identificar as principais mensaxes útiles para a clase (preguntas ao profesor).

### **2) Produción de textos orais: expresión e interacción**

#### **Expresión**

- Presentarse.
- Deletrear un apelido: o seu propio, o de personaxes franceses?

#### **Interacción**

- Saudar en diferentes rexistros, contestar a un saúdo.
- Contestar a preguntas sobre horarios e datas (día da clase de francés, data de aniversarios...).
- Dar un número de teléfono.

### **3) Comprensión de textos escritos**

- Ler un calendario.
- Identificar fórmulas correntes e útiles na clase (para dirixirse ao profesor).
- Comprender as instrucións das actividades do Libro.
- Interpretar siglas correntes.
- Comprender un documento sobre motivacións posibles para aprender francés, para poder elixir unha opción e situarse persoalmente.

#### **4) Producción de textos escritos**

- Escribir ao ditado un nome deletreado
- Escribir uns números de teléfono de lugares concretos ao ditado
- Escribir respostas sinxelas no Caderno de exercicios.

#### **Actitudes**

- Demostrar unha actitude positiva cara á aprendizaxe do francés e á comunicación en xeral.
- Entender a necesidade de comprender e de utilizar a lingua dunha maneira positiva e socialmente responsable.

### **Unidade 1: Rencontres**

#### **Coñecementos**

##### **1) Funcións comunicativas**

Saudar e despedirse.

Presentarse, presentar a alguén.

Dar, pedir informacións sobre persoas.

Expresarse con cortesía.

##### **2) Estruturas sintácticas**

Pronombres persoais suxeito.

On = Nous

Vous = Vostede / Vostedes

Presente de indicativo: verbos en -er (1), verbos être e avoir.

Artigos determinados.



Xénero e número (nomes).

### **3) Léxico**

A escola.

As nacionalidades.

Descrición física e psicolóxica.

Fórmulas de cortesía.

### **4) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía**

#### **Patróns sonoros**

Acento tónico.

Entoacións expresivas para os saúdos.

#### **Son / Grafía**

Sílabas finais.

### **5) Estratexias de aprendizaxe (comprensión e produción)**

#### **Comprensión**

Aprender a captar indicios (verbais e non verbais) que axuden á comprensión: imaxes, ruídos de fondo, tipos de voces, palabras transparentes...

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

#### **Produción**

Como prepararse para interactuar: deterse nas instrucións, observar modelos; comprender a importancia das entoacións e de todo a linguaxe non verbal.

Como co-avaliar as producións de grupo.

### **6) Aspectos culturais e sociolingüísticos**

Os restaurantes universitarios.

Francofonía: Canadá, o francés en Quebec.

Francia: superficie, poboación, xeografía.

#### **Aptitudes e destrezas comunicativas**

##### **1) Comprensión de textos orais**

- Comprender globalmente diálogos breves en contexto escolar (restaurante universitario, biblioteca).
- Identificar trazos de rexistro familiar (léxico)
- Comprender algunha información de de detalle nunha conversación gravada: nome dos personaxes, por exemplo.

## **2) Producción de textos orais: expresión e interacción**

### Expresión

- Presentarse, presentar a un compañeiro ante o grupo.

### Interacción

- Xogo de rol: crear unha nova situación dialogada seguindo un guión e inspirándose dun modelo (saúdos e presentacións).
- Tarefa final: Presentarse a outra persoa e quedar para un encontro.

## **3) Comprensión de textos escritos**

- Comprender un cuestionario con preguntas e respostas para elixir sobre as posibles relacións do alumno co francés e a francofonía.
- Tarefa final: Comprender anuncios de particulares.

## **4) Producción de textos escritos**

Redactar un texto persoal que presente as relacións dun co francés e a francofonía.

Tarefa final: Redactar unha ficha de identidade persoal. Redactar un anuncio para presentarse e ofrecer / pedir servizos.

### **Actitudes**

- Valorar a importancia da atención e concentración en escóitaa de documentos orais.
- Desenvolver actitude positiva ante o traballo colaborativo (tarefa final).

## **Unidade 2: Profils**

### **Coñecementos**

#### **1) Funcións comunicativas**

Dar informacións sobre unha persoa.

Descibir a unha persoa (físico e carácter).

Expresar os seus gustos.

Expresar os seus sentimentos.

## **2) Estruturas sintácticas**

Artigos indeterminados

Xénero dos adxectivos

Presente dos verbos en -er (2)

Negación (1)

C'est / il est

## **3) Léxico**

O rostro.

A aparencia física.

O carácter.

As cores.

## **4) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía**

### **Patróns sonoros**

Ritmo e acento.

## **5) Estratexias de aprendizaxe (comprensión e produción)**

### **Comprensión**

Comprender o valor de vous como tratamento de respecto.

Comprender o valor de on = nous como propio da lingua oral.

Aprender a recoñecer pola entoación o estado de ánimo dun locutor.

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

### **Produción**

Aprender a identificar o rexistro que corresponda ao interlocutor e á situación para utilizar correctamente os pronombres on, nous e vous.

Desenvolver estratexias persoais para memorizar máis facilmente diálogos e situacións.

Como co-avaliar as producións de grupo.

## **6) Aspectos culturais e sociolingüísticos**

Aprender a identificar o rexistro que corresponda ao interlocutor e á situación para utilizar correctamente os pronombres on, nous e vous.

Centro de atención a desempregados (Pôle emploi).

Tours e a rexión do Loira.

Estereotipos sobre os franceses.

## **Aptitudes e destrezas comunicativas**

### **1) Comprensión de textos orais**

- Comprender globalmente un diálogo en contexto profesional (centro de axuda aos desempregados).
- Comprender globalmente unha conversación entre amigos.

### **2) Producción de textos orais: expresión e interacción**

Expresión

- Presentarse (estado civil, dirección, gustos) a un compañeiro.
- Presentar a un compañeiro ao resto da clase.
- Describir unha escena ilustrada: os personaxes, as súas emocións...

Interacción

- Xogo de rol: crear unha nova situación dialogada seguindo un guión e inspirándose dun modelo (preguntar por alguén nun sitio público).
- Xogo: describir a unha persoa famosa para que os demais adiviñen a súa identidade.

Tarefa final: inventar personaxes marcadas polo seu nome de pila e facer o seu retrato, completar esta presentación de maneira colectiva.

### **3) Comprensión de textos escritos**

- Comprender un test de personalidade para poder contestar elixindo entre respostas dadas; e para entender a interpretación dos resultados.

### **4) Producción de textos escritos**

- Presentar a unha persoa partindo do seu retrato fotográfico.

## **Actitudes**

- Manifestar espírito crítico ante os estereotipos.

## **Unidade 3: Au quotidien**

### **Coñecementos**

#### **1) Funcións comunicativas**

Facer preguntas.

Descibir actividades cotiás.

Expresar o tempo (hora, momento do día, frecuencia).

Contactar a alguén por teléfono.

#### **2) Estruturas sintácticas**

Artigos partitivos.

Interrogación.

Presente dos verbos en -ir ou -ire, en -dre ou -tre, e de faire.

Pronombres persoais tónicos.

#### **3) Léxico**

Actividades e ritmos de vida.

Ritmos de comidas.

Tarefas do fogar.

Lecer.

#### **4) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía**

##### **Patróns sonoros**

Entoación afirmativa / interrogativa.

##### **Son / Grafía**

Signos de puntuación.

#### **5) Estratexias de aprendizaxe (comprensión e produción)**

##### **Comprensión**

Aprender a recoñecer diferentes tipos de textos orais.

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

### **Produción**

Aprender a recoñecer diferentes tipos de textos escritos.

Trucos para memorizar o léxico.

Co-avaliar as producións dos compañeiros, con criterios claros.

### **6) Aspectos culturais e sociolingüísticos**

Os ritmos escolares en Francia.

Os traballadores que cruzan a fronteira a diario para traballar (Francia / Suíza).

Os horarios comerciais en Francia.

A historia da baguette.

### **Aptitudes e destrezas comunicativas**

#### **1) Comprensión de textos orais**

- Identificar mensaxes curtas de diferente natureza (en contestador, por un altofalante nun lugar público, conversación telefónica, monólogo público...).

- Comprender unha entrevista (a un neno sobre os seus costumes cotiáns).

- Comprender un xogo radiofónico

#### **2) Producción de textos orais: expresión e interacción**

##### **Expresión**

Tarefa final: Ler en voz alta un texto literario, de maneira expresiva.

##### **Interacción**

- Contar as súas actividades cotiáns, o seu horario habitual.

- Convidar a alguén por teléfono, contestar.

Entrevistar a un personaxe famoso.

Adoptar o papel dun personaxe famoso nunha entrevista e contestar.

Tarefa final: Adoptar o papel dun personaxe dun extracto literario e darlle vida, imaxinando as súas motivacións e estados de ánimo, para contestar a preguntas sobre os mesmos; adoptar o papel do

narrador que sae da novela para facerlle preguntas á protagonista. Escenificar o encontro e a conversación.

### **3) Comprensión de textos escritos**

- Identificar varios tipos de documentos escritos breves: carta formal, postal, guía turística, recorte de xornal, anuncio inmobiliario...
- Comprender un artigo de revista: o testemuño de tres persoas sobre a súa vida.
- Tarefa final: Comprender un pequeno extracto literario.

### **4) Producción de textos escritos**

- Redactar a presentación dunha persoa (real ou ficticia) representativa da sociedade real ambiente.

### **Actitudes**

- Adoptar actitude xenerosa ante as producións dos compañeiros.

## **Unidade 4: Le temps de vivre**

### **Coñecementos**

#### **1) Funcións comunicativas**

Expresar unha intención.

Descibir actividades de lecer.

Pedir e dar informacións (familia, profesión, costumes).

Felicitar a alguén.

#### **2) Estruturas sintácticas**

Adxectivos posesivos.

Presente de indicativo: vir, prendre, pouvoir, verbes en -evoir.

Artigos contractos.

Futuro inmediato (futur proche).

Plural dos substantivos e dos adxectivos.

#### **3) Léxico**

Profesións.

Familia.

Tempo libre.

Vacacións.

#### **4) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación ? Relación son / grafía**

##### **Patróns sonoros**

Vogais orais / vogais nasais

##### **Son / Grafía**

Correspondencias escritas das nasais.

#### **5) Estratexias de aprendizaxe (comprensión e produción)**

##### **Comprensión**

Como aprender a fixarse nos elementos non verbais nunha gravación (ruídos de fondo).

Como comprender globalmente un documento oral relativamente extenso.

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

##### **Produción**

Como co-avaliar as producións de grupo.

#### **6) Aspectos culturais e sociolingüísticos**

Os xardíns comunitarios dentro da cidade.

Unha cidade de provincias, no centro de Francia: Aurillac.

A familia: novas realidades.

A lectura en Francia.

#### **Aptitudes e destrezas comunicativas**

##### **1) Comprensión de textos orais**

- Comprender globalmente diferentes monólogos curtos de persoas falando da súa profesión, e poder asocialos á foto correspondente.

- Comprender globalmente diferentes diálogos curtos gravados en contextos moi diferentes e poder asocialos á foto correspondente.

- Comprender un diálogo e poder contestar a preguntas de comprensión global (Quen? Onde? Cando? Que?).



- Comprender un xogo televisado gravado en directo e poder contestar a preguntas de comprensión global: estrutura do diálogo, temas principais abordados.

- Tarefa final: comprender preguntas de cultura xeral, para poder contestar sobre a marcha.

## **2) Producción de textos orais: expresión e interacción**

### **Expresión**

- Presentar a súa profesión (vantaxes e inconvenientes).

- Presentar a súa familia.

- Tarefa final: redactar preguntas de cultura xeral.

### **Interacción**

- Comprender e participar a unha conversación telefónica: pedir axuda para organizar unha celebración familiar, pedir información).

- Comprender e participar a unha conversación telefónica: contar os seus proxectos para o fin de semana e preguntar polos do interlocutor.

- Tarefa final: contestar a preguntas de cultura xeral.

## **3) Comprensión de textos escritos**

- Comprender as mensaxes deixadas nun foro virtual relacionado coas actividades de lecer. Sacar a información principal e algúns detalles.

- Comprender preguntas escritas de comprobación da comprensión.

## **4) Producción de textos escritos**

- Escribir unha mensaxe nun foro virtual, informando sobre as posibilidades de lecer na rexión dun.

### **Actitudes**

- Adoptar criterios obxectivos para avaliar as producións dos compañeiros.

## **Unidade 5 : Vous êtes ici**

### **Coñecementos**

#### **1) Funcións comunicativas**

Preguntar por un lugar, indicar o camiño.

Pedir información sobre un lugar, describilo.

Situar no espazo.

Dar consellos.

## **2) Estruturas sintácticas**

Pasado recente

Preposicións e adverbios de lugar.

Imperativo.

Pronombre on impersonal

## **3) Léxico**

Organización e espazos dunha cidade.

Servizos e comercios.

Lecer.

Medios de transporte e tráfico

## **4) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía**

### **Patróns sonoros**

[e] / [ou] / [i]

### **Son / Grafía**

Transcrición dos sons nos que se centra a unidade.

## **5) Estratexias de aprendizaxe (comprensión e produción)**

### **Comprensión**

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

### **Produción**

Como crear e representar un diálogo.

Como co-avaliar as producións de grupo.

## **6) Aspectos culturais e sociolingüísticos**

Unha cidade do suroeste de Francia: Albi.

Unha época da historia recente de Francia: 2ª Guerra mundial (sinais na cidade).

Francofonía: unha pincelada de variados territorios francófonos (a través dos “souvenirs” que se poden comprar alí).

## **Aptitudes e destrezas comunicativas**

### **1) Comprensión de textos orais**

- Comprender unha conversación nunha oficina de turismo e contestar a preguntas de comprensión global: información principal e detalles importantes.
- Comprender un programa radiofónico gravado ao aire libre nunha cidade, sobre os lugares desta cidade: o concepto e as regras do concurso, o desenvolvemento do xogo.

### **2) Producción de textos orais: expresión e interacción**

#### **Expresión**

- Resumir as regras dun concurso radiofónico.
- Describir o seu barrio: características, direccións útiles, modo de ir aos lugares principais.
- Tarefa final: presentar un plan de viaxe de maneira convincente.

#### **Interacción**

- Describir o seu barrio: características, direccións útiles, modo de ir aos lugares principais. Contestar a preguntas sobre o mesmo. Conversar sobre os diferentes barrios onde viven os compañeiros.
- Xogos de rol: nunha oficina de turismo, preguntar e informar/aconsellar.
- Xogar a adiviñar un lugar, imitando o concurso da unidade.

### **3) Comprensión de textos escritos**

- Identificar como tal unha páxina dunha guía turística: identificar a tipoloxía xeral, a presentación dos diferentes tipos de contidos.
- Comprender globalmente as informacións, saber onde buscar as diferentes informacións.
- Observar diferentes formatos para un mesmo tipo de mensaxe: ?correspondencia? vacacional: mail, postal, blogue na internet, SMS.
- Tarefa final: comprender un cuestionario, para establecer o seu perfil como turista. Comprender información na internet ou enciclopedia sobre países francófonos.

### **4) Producción de textos escritos**

- Pasar un SMS ao formato postal.

- Escribir unha postal de vacacións.

### **Actitudes**

- Adoptar criterios obxectivos para avaliar as producións dos compañeiros.

- Manifestar espírito crítico ante os estereotipos.

### **Unidade 6 : À louer**

#### **Coñecementos**

##### **1) Funcións comunicativas**

Pedir e dar información sobre unha vivenda.

Describir unha vivenda ou aloxamento de vacacións.

Situar un lugar.

Expresar unha obrigaón.

Dar a súa conformidade.

##### **2) Estruturas sintácticas**

Adxectivos demostrativos.

Pronombres COD.

Preposicións + cidade/rexión/país.

Forma impersonal: il faut.

Adxectivos numerales ordinales.

##### **3) Léxico**

Vivenda.

Mobles.

Electrodomésticos.

##### **4) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía**

#### **Patróns sonoros**

[y] / [u] / [i]

#### **Son / Grafía**

Transcripción dos sons nos que se centra a unidade.

- Le temps et la fréquence
- La nature, les paysages et le temps qu'il fait (révision)
- Les métiers et les professions
- Adjectifs pour décrire des situations
- Adjectifs pour décrire des personnes (révision)
- Les tâches ménagères
- Les pays de la francophonie

#### **Communication**

- Décrire les caractéristiques d'une personne ou d'une chose
- Établir des comparaisons
- Se renseigner, demander des informations précises
- Parler d'événements futurs
- Raconter des événements passés

- Décrire des activités et des actions
- Donner son avis
- Exprimer l'accord et le désaccord
- Exprimer la cause, le souhait et le but

### **Contidos de 1º de Bacharelato 2ª Lingua Estranxeira**

Considérase grao mínimo de consecución para superar a materia os traballados no curso anterior e ademais:

#### **Grammaire**

- Le verbe: présent, impératif, imparfait, futur, conditionnel. Périphrases verbales.
- Le passé composé avec les auxiliaires ÊTRE et AVOIR.
- L'accord du participe passé.
- Le féminin et le pluriel (approfondissement).
- Les articles (approfondissement).
- Les adjectifs possessifs et démonstratifs.
- L'expression de la quantité.
- La négation (approfondissement).
- Les adverbes. Formation des adverbes en -ment.
- L'interrogation.
- Les pronoms personnels et adverbiaux.
- Les pronoms relatifs simples.
- Les comparatifs et les superlatifs.
- Les prépositions de lieu.
- Les expressions temporelles.
- Le discours indirect.

#### **Vocabulaire**

- La vie quotidienne
- La gastronomie: les aliments, les poids et les mesures, ...
- Les vêtements
- Les professions
- La famille
- Les loisirs
- L'expression des opinions
- Le logement

- La nature et le climat
- Les vacances

### **Communication**

- Parler de ses habitudes
- Établir des comparaisons
- Commander un menu ou un plat à la carte dans un restaurant
- Exprimer une quantité
- Situer un fait dans le passé
- Transmettre des opinions, des demandes, des questions, des sentiments
- Demander et donner des informations ( personnes, lieux, logement, prix, etc )
- Situer dans l'espace et dans le temps
- Situer un fait dans l'avenir
- Poser des questions
- Décrire des personnes, des paysages, des situations, le temps qu'il fait
- Faire des invitations ; accepter et refuser

### **Contidos de 2º de Bacharelato 2ª Lingua Estranxeira**

Considérase grao mínimo de consecución para superar a materia os traballados no curso anterior e ademais:

#### **Grammaire**

- Le verbe: Révision du présent, imparfait, futur, conditionnel. Périphrases verbales.
- Les passé composé. L'accord du participe passé.
- L'emploi de l'imparfait, du passé composé et du plus – que – parfait pour raconter des événements passés.
- Le futur antérieur.
- L'interrogation.
- La négation.
- Les adjectifs et les pronoms indéfinis.
- Les pronoms démonstratifs.
- Les pronoms personnels.
- Les pronoms relatifs. La subordonnée relative.
- L'expression du lieu.
- L'expression du temps et de la durée.
- Le subjonctif présent: Formation et emploi. La subordonnée complétive.



- L'expression de la condition et de l'hypothèse.
- La cause, la conséquence et le but.
- Le discours indirect.

### **Vocabulaire**

- L'apparence physique et le caractère
- La famille
- Les loisirs et la culture
- Les émotions et les sentiments
- La gastronomie
- La nature et l'écologie
- Le travail et les métiers
- Les achats
- Les nouvelles technologies

### **Communication**

- Raconter des événements passés. Décrire des habitudes et des situations passées.
- Formuler des hypothèses
- Poser des questions
- Faire des suggestions et des recommandations
- Décrire des personnes, des choses, des animaux, des lieux
- Exprimer son opinion, ses goûts et ses préférences, ses sentiments, ses émotions
- Donner un conseil
- S'excuser ; féliciter et remercier quelqu'un
- Exprimer un souhait ou un désir
- Demander des renseignements, un avis, un conseil
- Organiser le discours

### **14. Contidos transversais**

A materia de idioma, tanto a primeira lingua como a segunda, introduce facilmente entre os seus contidos o tema da transversalidade.

O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para desenvolver a produción oral e escrita, á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoien os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característicos do país e da lingua que é obxecto de estudo, os temas transversais abarcan un ámbito moito máis amplo e xeral, e pódense tratar de forma diversa. Nunha mesma unidade é posible atopar

distintos temas de transversalidade, mesmo de forma pasiva nunha ilustración, e á súa vez, un mesmo tema pode aparecer en varias unidades.

#### **14.1. Para 1º e 2º de ESO**

##### Educación moral e cívica

- Respecto ás normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo.
- Importancia das fórmulas de cortesía para saúdar os adultos en francés.

##### Educación para a paz

- Curiosidade por coñecer personaxes, produtos e monumentos franceses.
- Coñecer outras culturas e respectar os seus costumes.
- Valoración positiva da amizade e do compañeirismo.
- Actitude aberta cara aos costumes, pratos e comidas dos países francófonos.
- Respecto polas diferentes formas de organizar a vida na cidade e no campo.

##### Educación para a igualdade de oportunidades

- A non discriminación de sexos á hora de planificar e de celebrar festas, de organizar o tempo e de practicar deportes.

##### Educación para a saúde

- Importancia do tempo libre san e creativo.
- Importancia das comidas sas e equilibradas para evitar problemas de saúde.

##### Educación sexual

- Importancia das relacións equilibradas cos membros do sexo oposto en todas as actividades de ocio.

##### Educación ambiental

- Coidar os animais domésticos de forma adecuada.
- Protexer e coidar o medio ambiente.
- A ecoloxía.

##### Educación do consumidor

- Importancia do vestido e da moda.
- As compras.

## **14.2. Para 3º e 4º de ESO**

### Educación cívica e moral

- Respetar as normas de comportamento para vivir en grupo.
- As fórmulas de cortesía.

### Educación para a paz

- Valorar a amizade dentro e fóra da aula.
- Coñecer os outros e rexeitar xulgalos segundo as apariencias.
- Aceptar as diferencias.
- Respetar os dereitos e os deberes de todos os membros da familia.
- Valorar de forma positiva outras culturas diferentes da súa, especialmente a dos países francófonos.
- A importancia da creatividade e da liberdade de expresión.
- Fomentar a solidariedade e a cooperación.

### Educación para a igualdade de oportunidades

- Reparto equitativo das tarefas domésticas evitando a discriminación entre sexos.

### Educación para a saúde

- A importancia dunha alimentación sa para evitar problemas de saúde.
- A importancia do deporte.

### Educación sexual

- Establecer relacións equilibradas co sexo oposto.
- Falar das relacións afectivas entre adolescentes, analízalas e valoralas cunha actitude reflexiva e madura.

### Educación ambiental

- Respetar a natureza.
- A ecoloxía.

### Educación do consumidor

- A importancia da roupa e da moda na elaboración do estilo persoal.
- Reflexión sobre o uso que se fai das novas tecnoloxías (móbil, ordenador, Internet, etc).

### **14.3. Para o Bacharelato**

#### Educación moral e cívica

Os alumnos terán a oportunidade de coñecer outras formas de organizar a realidade e de demostrar un respecto polas diferenzas culturais, amosando unha mentalidade aberta ante costumes distintos aos nosos.

#### Educación para a paz

Un aspecto fundamental para acadar a meta dun mundo sen conflitos entre as nacións é educar as novas xeracións no respecto por outras sociedades distintas da propia e salientar o entendemento entre os individuos que as integran. Francia aparece nos materiais como unha realidade socioxeográfica plural e representa un exemplo de convivencia harmónica, ao conviviren nela pacificamente persoas de nacionalidades, razas e relixións diferentes entre si.

A achega de homes e mulleres de diferentes partes do mundo ao acerbo cultural e ao progreso pacífico da humanidade serve para reforzar a idea dun mundo que pode proseguir o seu progreso sen ter que recorrer a solucionar os conflitos de maneira violenta.

#### Educación para a saúde

Utilizando a lingua estranxeira como vehículo, os alumnos reflexionan sobre temas con incidencia en aspectos básicos para o mantemento dun estado de saúde óptimo, tanto físico coma mental ( deporte, bos hábitos, alimentación, etc ).

#### Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo

Prestouse un coidado especial en evitar todo tipo de actitude sexista nos materiais presentados. Ao longo das unidades faise fincapé en que os rapaces e as rapazas poden realizar as mesmas tarefas e actividades, en que os homes e as mulleres poden ter as mesmas responsabilidades no traballo.

#### Educación ambiental

Saliéntase a necesidade do respecto polo medio ambiente mediante a reflexión sobre as situacións que poden ter consecuencias adversas para el. Esta reflexión constitúe unha chamada de atención dos alumnos sobre estas situacións causadas polo home, que son prexudiciais para el e que cómpre corrixir, co fin de espertar neles unha maior conciencia ecolóxica.

#### Educación sexual

A través das historias de cada tema, personaxes masculinos e femininos da idade dos alumnos, cos que eles se poden identificar doadamente, pero tamén adultos, interaccionan entre si de maneira

natural. Os contidos de educación sexual, xunto cos de igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo, axudaranlles aos alumnos a acadaren un equilibrio psicolóxico axeitado nas relacións con persoas doutro sexo, levándoos a desenvolver unha sexualidade sa e aberta.

### Educación do consumidor

A reflexión sobre este tema comeza a partir de situacións que poidan resultar familiares para os alumnos. As situacións presentadas levan a unha reflexión sobre o hábito de consumo e a necesidade de facelo dun xeito sensato.

## **15. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade dentro da aula refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades dos alumnos. Os alumnos son diferentes e hai que tomar en conta esa heteroxeneidade para desenvolver de forma eficaz as súas capacidades. Non todos os alumnos aprenden da mesma maneira; os estilos de aprendizaxe dentro dun mesmo grupo son distintos. De aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensinanza utilizadas.

Tradicionalmente, a ensinanza daba prioridade ás actividades e situacións de aprendizaxe que esixían a utilización do hemisferio esquerdo do cerebro (o do pensamento analítico e abstracto). Aínda que estas actividades son necesarias, é igualmente importante introducir actividades que favorezan a utilización do hemisferio dereito, é dicir, a parte do cerebro que rixe a percepción visual, espacial, intuitiva, emocional e creativa.

Para dar resposta a estas diferencias inherentes a todo grupo de alumnos, propóñense en cada unidade un amplo abanico de actividades que requiren para a súa realización a posta en práctica de diferentes estratexias e capacidades.

Por último, consideramos que a diversidade debe ser tratada como unha fonte de enriquecemento dentro da aula e non como un freo, de maneira que tratamos de fomentar a solidariedade e a cooperación dentro do grupo e de sensibilizar os alumnos para que non emitan comentarios negativos sobre a capacidade de comprensión ou de produción dos seus compañeiros. Permitimos a maior liberdade posible, en canto á expresión se refire, aínda que non se acade unha total corrección.

Dentro dunha perspectiva pedagóxica que dea conta da diversidade dos alumnos, o profesorado pode adaptar e variar a metodoloxía de forma que dea resposta ás necesidades de cada alumno.

Aqueles alumnos que precisan dunha atención máis personalizada non cursan Francés Segunda Lingua posto que se derivan á materia que se oferta para a exención de Francés.

### **15.1. Para a docencia presencial**

Para favorecer os principios pedagóxicos anteriores propoñemos :

- Pluralidade de modalidades de aprendizaxe na aula ( individual, en grupos de dous, tres ou por equipos, gran grupo ).
- Exercicios graduados máis ou menos guiados, repetitivos ou libres.
- Exercicios de reforzo ou de ampliación dos contidos dados.
- Diversas fórmulas de avaliación.
- Pluralidade de acceso aos contidos ( acceso visual, auditivo, audiovisual, vía Internet ).
- Disposición da aula ( frontal, en U, cara a cara, etc ).

### **15.2. Para a docencia non presencial**

Neste suposto proponse o seguinte :

- Unha aprendizaxe individual e máis personalizada que favoreza a adquisición dos contidos dados.
- Exercicios graduados máis ou menos guiados.
- Exercicios de reforzo ou de ampliación dos contidos dados.
- Diversas fórmulas de avaliación.
- Pluralidade de acceso aos contidos ( acceso visual, auditivo, audiovisual, vía Internet ).

### **16. Plan lector**

**Os obxectivos son :**

- Potenciar a utilización de diversas fontes de información e documentación.
- Impulsar o ensino da lectura favorecendo enfoques prácticos e comunicativos.
- Favorecer e potenciar a utilización da biblioteca escolar.
- Fomentar o gusto e hábito pola lectura.
- Utilizar as novas tecnoloxías para o desenvolvemento da competencia lectora e fomentar o hábito lector.

Realizaranse lecturas comprensivas nos diferentes niveis de ESO e Bacharelato a fin de descubrir ao alumnado a literatura francófona.

### **17. As TIC**

Nas clases de Francés úsanse de maneira cotiá os ordenadores e as actividades multimedia dispoñibles en Internet coa fin de que o alumnado dispoña dun contacto real co francés para ir máis alá das adaptacións pedagóxicas realizadas polos libros de texto.

**Recursos**

- Aula de Francés con canón, ordenador e pantalla.
- Aulas Abalar en 1º e 2º de ESO.
- Material e recursos didácticos multimediais.

**Os nosos obxectivos son :**

- Utilizar CDs de aprendizaxe autónoma e interactiva da lingua francesa.
- Utilizar páxinas de exercicios on-line, dictionarios on-line.
- Realizar traballos e expoñelos en Power-Point.
- Buscar información de todo tipo e realizar consultas.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma en foros, chats, correspondencia e páxinas adecuados e seguros sobre aspectos de interese en lingua francesa.

### **Páxinas de interese :**

#### **Apprendre le français**

[http://www.fle.fr/index-page-cartable\\_prof.html](http://www.fle.fr/index-page-cartable_prof.html)

<http://nathan-cms.customers.artful.net/fdlm-v2/>

<http://www.weblettrés.net/>

<http://flenet.rediris.es/wpcours/> FRANCOPHONIE

<http://www.ac-rouen.fr/> BD

<http://www.bdparadisio.com/>

<http://www.eurobd.com/>

<http://marquebd.free.fr/>

[http://www.maisondequartier.com/cours/cours.php?lang=fisites.radiofrance.fr/franceinter:](http://www.maisondequartier.com/cours/cours.php?lang=fisites.radiofrance.fr/franceinter:programmes,)  
programmes, écoutez le direct

[www.polarfle.com](http://www.polarfle.com)

Le point du Fle

<http://françaisenligne.free.fr>

<http://leonardofrances.en.resmas.com/exercice>

[www.education.vic.gov.au/langagesonlines.htm](http://www.education.vic.gov.au/langagesonlines.htm).

[www.curiosphere.tv/video-documentaire](http://www.curiosphere.tv/video-documentaire)

[http://www.oddcast.com/home/demos/tts/tts\\_example.php?sitepal](http://www.oddcast.com/home/demos/tts/tts_example.php?sitepal)

<http://françaisenligne.free.fr> :

[www.isabelperez.com](http://www.isabelperez.com).

<http://www.stars-celebrites.com/>

[www.france-pittoresque.com](http://www.france-pittoresque.com)

[www.france-voyage.com](http://www.france-voyage.com)

<http://www.frances.8k.com/> le site du IES A CARBALLEIRA, avec beaucoup d'activités, des jeux, des exercices variés et ludiques.

<http://orthonet.sdv.fr/>, pour consulter le lexique, les doutes...

<http://www.clemi.org/> le centre de liaison de l'enseignement et des médias de l'information, pour apprendre aux élèves la pratique des médias, c'est curieux.

<http://www.capeutserver.com/verbes/> très utile pour la conjugaison des verbes.

<http://www.studentsoftheworld.info/indexfr.html>,

<http://www.lepointdufle.net>

<http://www.bonjourdefrance.com>

<http://www.iletaitunhistoire.com>

<http://www.jeux-geographiques.com> (un site de jeux géographiques gratuits en flash)

<http://clicknlearn.net/> (un site avec des idées pour préparer des jeux)

<http://www.marmiton.org> (un recueil francophone de recettes en ligne. On peut y ajouter ses spécialités)

<http://www.ados.fr> (musique, cinéma, santé, tests,...)

<http://www.pedagonet.com/other/enigme.html> (des énigmes à résoudre)

[www.cavilamenligne.com](http://www.cavilamenligne.com)

<http://www.languageguide.org/french/> et <http://lexiquefle.free.fr/>

Pour les élèves de français première langue (Bach par exemple)

<http://www.ikonet.com/fr/ledictionnairevisuel/>

Pour des dictées interactives et des quiz sur des pièges du français:

<http://www.bescherelle.com>

Pour ceux ou celles qui ont la veine du théâtre:

<http://www.iletaitunehistoire.com/enseignants>

<http://www.leproscenium.com/>

Un peu d'audiovisuel avec des dossiers thématiques et des exploitations différentes:

[http://www.rfi.fr/lffr/listes/001/liste\\_dossiers\\_pour\\_la\\_classe.asp](http://www.rfi.fr/lffr/listes/001/liste_dossiers_pour_la_classe.asp)

[http://www.tv5.org/TV5Site/enseigner-apprendre-francais/accueil\\_apprendre.php](http://www.tv5.org/TV5Site/enseigner-apprendre-francais/accueil_apprendre.php)

<http://www.varietygames.com/CW/>

<http://francais.mcgill.ca/newsroom/facstaffresources/op-ed/>

<http://www.sculfort.fr/articles/ecrire/ecrireparagraphe.html>

[www.leconjugueur.com](http://www.leconjugueur.com).

### **Images de BD:**

<http://www.vayacine.com/images/2009/01/tintin-y-compania.jpg>

[http://www.craaltaribagorza.net/local/cachevignettes/L400xH413/Asterix\\_Obelix\\_e\\_Ideafix\\_2-1927d.jpg](http://www.craaltaribagorza.net/local/cachevignettes/L400xH413/Asterix_Obelix_e_Ideafix_2-1927d.jpg)

<http://www.eljinetepalido.es/wp-content/uploads/lucky-luke.jpg>

[http://images.serialgamer.com/sg\\_images/wall\\_616x452/bd/gaston\\_lagaffe/gaston\\_lagaffe\\_016.jpg](http://images.serialgamer.com/sg_images/wall_616x452/bd/gaston_lagaffe/gaston_lagaffe_016.jpg)

[http://data0.eklablog.com/fou2bd/perso/boule\\_et\\_bill2.jpg](http://data0.eklablog.com/fou2bd/perso/boule_et_bill2.jpg)

[http://www.acelf.ca/c/bap/fichiers/975\\_bap10\\_un-appetit-dogre.pdf](http://www.acelf.ca/c/bap/fichiers/975_bap10_un-appetit-dogre.pdf)

[http://www.acelf.ca/c/bap/fichiers/974\\_bap10\\_jours-de-fete.pdf](http://www.acelf.ca/c/bap/fichiers/974_bap10_jours-de-fete.pdf)

### **Cinéma**

[WWW.cinemafrancais-fle.com](http://WWW.cinemafrancais-fle.com)

[www3ac-clermont.fr/cinemaV/](http://www3ac-clermont.fr/cinemaV/)

<http://www.filmfrancaisenflandre.org/fr/accueil/>

### **Banques d'images**

<http://www.picto.qc.ca/>

<http://recitpresco.qc.ca/pages/ressources>

### **Sites humoristiques**

<http://www.diaporamas-a-la-con.com/>

### **Activités**

<http://zutjunior.languageskills.co.uk/juniorbeginner/exercises.html>

<http://apprendre.over-blog.fr/>

<http://www.francaisfacile.com/>

<http://www.franparler.info/accueil/>

### **Radio**

<http://www.radiofrsolo.info/>

### **Enseignement / apprentissage**

<http://www.oasisfle.com/>

<http://peinturefle.free.fr/>

[http://www.francofil.net/fr/fle\\_fr.html](http://www.francofil.net/fr/fle_fr.html)

<http://www.prof-fle.com/>

<http://www.ciep.fr/carnetadfle/>

<http://www.univ-paris3.fr/tele3/PORTAIL>

<http://www.restode.cfwb.be/français/index.asp>



## **18. Actividades complementarias e extraescolares para a ESO e o Bacharelato**

- Preparación dos exames DELF ( A2, B1 e B2 ) para o alumnado de 4º de ESO e de Bacharelato.
- No caso de que o Centro organice **Xornadas Culturais**, este Departamento participará coa realización de actividades, xogos didácticos, etc.

## **19. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados**

A avaliación inicial axúdanos a coñecer de forma rápida e áxil o perfil da clase e as características do alumnado. Tamén permite que afloren os coñecementos previos e a relación dos alumnos respecto do francés.

Dado que para a inmensa maioría do alumnado de 1º de ESO se trata da primeira vez que entran en contacto coa lingua francesa e/ou a materia de Francés, non valoraremos os coñecementos previos. Porén, si que trataremos de abordar os seguintes puntos, plantexándoos como primeira toma de contacto :

- Orixe da lingua
- Francofonía (extensión xeográfica da lingua francesa)
- Galicismos no galego e castelán
- Recoñecemento oral e escrito de textos en francés

A partir de 2º da ESO e durante toda a etapa secundaria obrigatoria, teremos en conta que nun mesmo grupo podemos atoparnos con niveis moi dispares. Polo tanto, é importante comprobar cales son os coñecementos de francés en cada alumno. Para eso os tests de avaliación inicial e a unidade 0 cubrirán os obxectivos da avaliación inicial.

Estas probas servirán, xunto co observado polo profesorado na aula e os informes de cursos anteriores, para detectar as posibles dificultades que presente o alumnado e tomar as medidas organizativas destinadas a palialos.

Para o alumnado de 1º de Bacharelato 2ª Lingua que cursou Francés na ESO podemos actuar da mesma maneira, excepto se procede doutros centros. Neste caso faremos unha proba correspondente ao nivel A2 do Marco Común Europeo, equivalente aos exames de DELF Junior et Scolaire realizados pola Alianza Francesa, para comprobar que están en condicións de comezar o Francés 2ª Lingua con aproveitamento. De non superala, poñeranse á disposición do alumnado fichas de reforzo para colmar as lagoas que se atoparan. Esta mesma medida aplicarase co alumnado de 1º de Bacharelato 1ª Lingua que cursou Inglés 1ª Lingua na ESO, aínda que no seu caso a proba arquivarase xunto co expediente de cada alumno.

A avaliación inicial do alumnado de 2º de Bacharelato de 2ª Lingua realizarase tamén a través dos tests, da unidade 0, da observación do profesorado na aula e dos informes do curso anterior.

## 20. Criterios de avaliación, de cualificación e de promoción

### 20.1. Criterios de avaliación

#### 20.1.1. Para a docencia presencial

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis serán os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos marcados. Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente. É necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación ou a avaliación entre iguais. En todo caso, os distintos instrumentos de avaliación como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas obxectivas orais e escritas ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nunha avaliación coherente.

É fundamental considerar a **avaliación continua da materia** pois realízase ao longo de todo o proceso e permítenos coñecer o nivel de aprendizaxe para axudar os alumnos e as alumnas no seu progreso, podendo desta forma ir variando as actividades se o consideramos conveniente e corrixir os erros con actividades de reforzo.

Ademais teremos en conta a avaliación sumativa, que nos permitirá saber ata que punto se acadaron os obxectivos previstos que aparecen reflectidos nas tarefas finais, e a avaliación global, que inclúe non só os alumnos e os profesores senón tamén a programación, as actividades e os materiais utilizados.

A avaliación debe, pois, contemplar tanto o proceso como o resultado de maneira que faremos fincapé nos seguintes aspectos :

- **Probas escritas** : Os alumnos farán como mínimo dúas probas por trimestre que medirá os seus coñecementos e destrezas. As probas a realizar ao longo do curso amosarán a aprendizaxe da lingua.
- **Probas orais** ao longo do curso para avaliar as destrezas do alumnado na comunicación oral en francés así como a súa pronunciación.
- **Proba específica de lectura**, ben puntual, ben durante o trimestre.
- **Traballo de clase** : valoraremos a actitude do alumnado na clase, centrándonos en aspectos fundamentais como o respecto cara á materia, profesorado e compañeiros, a asistencia a clase e a puntualidade. Tamén se valorará o hábito de traballo reflectido no caderno de clase ( debe estar completo, correcto, sen faltas de ortografía e ben presentado ), as redaccións ou outras actividades que se realicen. Terá especial valoración a participación do alumnado en francés durante as clases.

- Respectando a liberdade de cátedra, o profesorado deste Departamento resérvase o dereito de realizar a recuperación dalgún exame, se así o estima conveniente. E de forma excepcional, con previa consulta e reunión con acta dos membros do Departamento de Francés, poderase realizar unha proba de recuperación en xuño, no caso de que algún alumno ou alumna xustifique unha baixa puntual do seu rendemento por graves circunstancias familiares ou de saúde.

### **20.1.2. Para a docencia non presencial**

En caso de que as clases presenciais queden suspendidas, a actividade docente levarase a cabo a través da Aula Virtual do centro e / ou de Webex e todas as actividades realizadas telematicamente polo alumnado serán avaliadas como traballo de clase, tendo moi en conta a súa actitude e o seu interese.

Se o período de clases non presenciais coincide con algunha das avaliacións do curso, as probas presenciais na ESO serán substituídas por fichas de actividades avaliáveis equivalentes e coa mesma cualificación descrita máis abaixo para as mesmas.

En Bacharelato procederase da mesma forma ou ben, dado que os grupos son pouco numerosos, poderíase facer algunha proba virtual a través das plataformas xa citadas.

## **20.2. Criterios de cualificación**

### **20.2.1. Para a docencia presencial**

Para obter a cualificación establécese o seguinte :

- Tanto as probas escritas ou orais como o traballo de clase serán cualificados cunha nota de 0 a 10 puntos, tendo en conta que a nota mínima para superar a materia deberá ser un 5.
- A partir das **probas escritas ou orais** establecerase unha nota, obtida por media matemática. Nestas probas **haberá que obter un 3 como nota mínima** para poder facer esta media matemática e valorarase o grao de adquisición de contidos.
- Haberá, como mínimo, **dúas probas por trimestre**, pero será a nota ponderada de todas as probas, xunto coa cualificación do traballo de clase ao longo do trimestre, o que establecerá a nota final de cada avaliación.
- Poderá haber unha proba específica de lectura, ben puntual, ben ao longo do trimestre, que constituirá unha nota máis para a avaliación.
- A **nota final de cada avaliación** resultará da **media ponderada entre as distintas probas orais e escritas e o traballo de clase**.
- Nota final en **convocatoria ordinaria** : ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa. **Todos os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na convocatoria ordinaria**

**de xuño, terán aprobado o curso. En caso contrario, terán que recuperar toda a materia na convocatoria extraordinaria.**

- Respectando a liberdade de cátedra, o profesorado deste Departamento resérvase o dereito de realizar a recuperación dalgún exame, se así o estima conveniente. E de forma excepcional, con previa consulta e reunión con acta dos membros do Departamento de Francés, poderase realizar unha proba de recuperación en xuño, no caso de que algún alumno ou alumna xustifique unha baixa puntual do seu rendemento por graves circunstancias familiares ou de saúde.

- Nota final en **convocatoria extraordinaria** : a nota resultará **exclusivamente** da **proba escrita** realizada en dita convocatoria.

### **Ponderación dos distintos aspectos avaliados na ESO e en Bacharelato**

Nos  **cursos da ESO**, cada profesor fará a ponderación segundo o seu criterio, baseándose no principio de liberdade de cátedra. De todos os xeitos e tal como se detallou anteriormente, **sempre se terán en conta os exames, probas escritas e orais, e o traballo de clase para obter a nota media de cada unha das avaliacións.**

En **1º e 2º Bacharelato** a cualificación seguirá en liñas xerais o procedemento e os ítems de avaliación da ABAU, polo que a ponderación será como segue :

<b>BACHARELATO</b>	<b>Ponderación</b>
Compréhension orale	10%
Compréhension écrite	20%
Grammaire	30%
Production écrite	40%

Finalmente, o Departamento determina :

- As **faltas de asistencia aos exames** só serán xustificadas presentando documentación relevante ante o profesor ou profesora da materia, que informará ao titor da circunstancia que demostre que a causa que motivou a falta non podía facerse noutro momento.

- **Sorprender a un alumno copiando** por calquera medio mecánico ou tecnolóxico implicará a retirada inmediata do exame e unha **cualificación negativa ( puntuación de 0 ) nesa proba.**

### 20.2.2. Para a docencia non presencial

Se debido á situación sanitaria actual temos que desenvolver a actividade docente a través da Aula Virtual e / ou de Webex, **todas as tarefas realizadas serán avaliadas como traballo de clase e cualificadas da mesma forma que aparecen reflectidas para a docencia presencial**, tendo moi en conta a actitude e o interese demostrados polos alumnos.

O alumnado **debe entregar todas as súas tarefas** no curso correspondente da **Aula Virtual e respectando os prazos acordados**. **Non se avaliarán** os traballos enviados por calquera outro medio, exceptuando o alumnado sen conexión que pode envalos por correo ordinario, nin aqueles que sexan entregados fóra do prazo estipulado.

As probas presenciais serán substituídas por **fichas de actividades avaliáveis equivalentes** e cos mesmos criterios de cualificación descritos para a docencia presencial. De facer probas virtuais nos cursos de Bacharelato, tamén se cualificarían da mesma maneira que as probas presenciais.

A **nota final** de cada avaliación, da convocatoria ordinaria e da convocatoria extraordinaria obteranse exactamente igual que no caso da docencia presencial.

### 20.3. Criterios de promoción

Como xa se explicou anteriormente, é necesario obter **un 3 como nota mínima** para poder facer a media matemática das probas realizadas durante o trimestre. De non ser así, non será posible obter a media ponderada entre as diferentes probas e o traballo de clase de maneira que a avaliación estará suspensa.

Ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa. **Todos os alumnos que na convocatoria ordinaria de xuño obteñan unha cualificación positiva, terán aprobado o curso. En caso contrario, terán que recuperar a materia na convocatoria extraordinaria.**

A nota final da convocatoria extraordinaria resultará exclusivamente da proba escrita realizada. De ser positiva, a materia estará aprobada ; en caso contrario, a materia quedará pendente e os alumnos terán que recuperala no curso seguinte.

### 20.4. Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos de Francés en 1º de Bacharelato

Para o alumnado de Bacharelato do IES Parga Pondal que cursou Francés 2ª Lingua na ESO e que curse de novo Francés 2ª Lingua en 1º de Bacharelato, non procede a acreditación de coñecementos previos pois o profesorado de Francés do centro realiza o seu seguemento desde 1º de ESO.

O alumnado de 1º de Bacharelato 2ª Lingua Francés procedente doutros centros realizará unha proba de nivel correspondente ao nivel A2 do Marco Común Europeo, equivalente aos exames de DELF Junior et Scolaire realizados pola Alianza Francesa, para comprobar que están en condicións de comezar o Francés 2ª Lingua con aproveitamento. En caso de non superala, poñeranse á disposición do alumnado fichas de reforzo para colmar as lagoas que se atopasen.

Para o alumnado de 1º de Bacharelato 1ª Lingua Francés que cursou Inglés Primeira Lingua durante toda a ESO aplicarase o mesmo procedemento, pero no seu caso a proba realizada será arquivada xunto co expediente de cada alumno.

## **20.5. Recuperación de alumnos pendentes**

1. Os alumnos que cursen Francés no curso actual recuperarán a materia pendente se aproban as dúas primeiras avaliacións do presente curso. En caso contrario, terán que realizar o exame oficial de maio.

2. Os alumnos que non teñen Francés como optativa no curso actual deben facer dous exames parciais, o 1º en xaneiro e o 2º en abril.

2.1. A nota final en convocatoria ordinaria será a media matemática dos dous exames. Se aínda así non consiguen acadar unha nota positiva para superar a materia, entón terán que examinarse da parte ou das partes suspensas no exame final de maio.

2.2. A nota final en convocatoria extraordinaria resultará exclusivamente da proba escrita realizada en dita convocatoria. Nesta proba os alumnos examinaranse só da parte ou partes suspensas en convocatoria ordinaria, polo que se lles gardará a nota se teñen un exame parcial aprobado durante o curso.

3. Todos os alumnos, así como as súas familias, serán debidamente informados por este Departamento do seu plan de traballo para recuperar a materia pendente.

4. Teranse en conta os mesmos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación concretados para os cursos correspondentes.

5. **Na docencia non presencial**, os exames escritos serán substituídos por **fichas de actividades avaliáveis** equivalentes e aplicarase os mesmos criterios de cualificación descritos máis arriba para a docencia presencial ( 2.1. e 2.2. ). Estas fichas **deberán entregalas** no curso correspondente da **Aula Virtual** e respectando os **prazos acordados**. **Non se avaliarán** os traballos entregados por calquera outro medio, exceptuando os alumnos sen conexión, nin aqueles presentados fóra do prazo estipulado.

## **21. Contribución ao plan de convivencia**

Dende a materia de Francés foméntanse os principios de convivencia, paz, tolerancia, igualdade sexual, respecto do medio ambiente e saúde. Ademais, trabállanse de forma específica, cando o punto a tratar se presta, a educación para un consumo sostido, a educación para a comprensión e a tolerancia, así como un traballo concreto de comprensión e de aceptación de todos os pobos, tratando de que nos sintamos unidos a eles por medio da lingua, co obxectivo primordial de que deixe de percibirse como unha barreira para converterse nunha ponte de unión das diversas culturas.

### **21.1. Actuacións xerais**

Contribuiremos activamente nas seguintes actuacións :

- Actuacións encamiñadas a facilitar a participación e integración do alumnado.
- Actuacións dirixidas a favorecer a relación das familias co centro.
- Actuacións dirixidas á sensibilización fronte ao acoso e á intimidación entre iguais.
- Actuacións dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres.
- Medidas para a mellora da convivencia no centro a través da Mediación Escolar.

### **21.2. Actuacións específicas**

- Seguemento das normas específicas para o grupo clase que impliquen aos alumnos e aos profesores.
- Cumprimento das normas internas de convivencia e aplicación das correccións que do seu incumprimento se deriven.
- Énfase especial en atallar calquera manifestación xenófoba ou racista que poida darse.
- Realización das actividades dirixidas ao alumnado referidas a habilidades sociais, fomento da convivencia, integración e participación activa dos alumnos na vida do centro, destacando habilidades sociais como a empatía, a asertividade, a autoestima, a resolución de problemas e as habilidades de intelixencia emocional.
- Comunicación continua co Departamento de Mediación e Orientación do centro, seguindo as pautas que nos recomenden.

## **22. Educación en valores**

Desde o Departamento de Francés, procúrase atender de forma específica os seguintes aspectos da educación en valores :

- Desenvolver comportamentos solidarios. Trabállase o recoñecemento de conflitos e a súa transformación en oportunidade beneficiosa para todos. Apréndese a tomar decisións, a ser

consecuentes co decidido e a acatar as normas e as regras consensuadas. Apréndese a escoitar e a responder de maneira construtiva.

- Xerar correntes de pensamento crítico. Isto é esencial para a formación das aptitudes cognitivas, afectivas e condutuais.

- Traballar actitudes cooperativas dentro do grupo. É imprescindible para a comprensión da interdependencia, para asentar valores de solidariedade e de cooperación. Trátase de transformar a competitividade individual en superación de si mesmo en beneficio do grupo, no que o papel de cada alumno/a é necesario para o éxito desexado.

## **23. Procedemento de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente**

### **23.1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos**

Non se pode contemplar unicamente a avaliación do alumnado, senón que tamén hai que considerar a avaliación da programación didáctica para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A programación didáctica avaliarase como mínimo unha vez ao mes polo Departamento didáctico, antes do inicio do curso, ao remate de cada trimestre e ao final do curso co obxectivo de adaptala á realidade social do alumnado que a integra. Trátase de corrixir determinados aspectos, como por exemplo, aumentar ou diminuír o número de sesións establecidas para cada unidade didáctica, modificar a metodoloxía de ensinanza ou axustar os graos mínimos para cada estándar.

Para facer a avaliación da programación didáctica empregaranse os seguintes procedementos : actas e reunións do Departamento, reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica e apuntamentos no caderno do profesorado. Respecto dos instrumentos de avaliación usaranse escalas con indicadores de logro completadas polo propio profesorado ( autoavaliación ).

### **23.2. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

A avaliación da práctica docente realizarase simultaneamente xunto coa avaliación da programación didáctica ao final de cada trimestre e ao final do curso.

Esta é a ficha que utilizaremos para tal fin :

**Indicadores : 1 Nada adecuado 2 Pouco adecuado 3 Adecuado 4 Moi adecuado**

<b>FICHA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE</b>					
	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>				<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	
a) Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe					



avaliables que concretan os criterios de avaliación.					
b) A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.					
c) A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse o máis posible ás necesidades e intereses do alumnado.					
d) Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos e permitiron facer un seguemento do progreso do alumnado.					
e) Os materiais didácticos utilizados foron os adecuados.					
f) As pautas xerais establecidas para a avaliación continua favoreceron a adquisición e a asimilación dos contidos, así como os resultados positivos para superar a materia.					
g) Os criterios establecidos para o seguimento, a recuperación e a avaliación da materia pendente foron os axeitados.					
h) A materia contribuíu ao plan lector do centro.					
i) A materia favoreceu a integración das TIC no seu desenvolvemento.					
l) A programación realizouse en coordinación con todos os membros do Departamento.					
m) A programación contou cos mecanismos necesarios para o seu seguimento, a súa avaliación e a súa modificación ao longo do curso.					
n) Os criterios de avaliación e de promoción do alumnado foron debidamente comunicados ás súas familias.					

### 23.3. Procesos de mellora

Despois de avaliar tanto a programación didáctica como a práctica docente, realizaranse todas as modificacións necesarias para mellorar o proceso de ensino – aprendizaxe de maneira que favoreza sempre a adquisición dos contidos da materia e os resultados acadados polo alumnado.

### 24. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles por se volve darse unha situación similar á do 3º trimestre do curso 2019 – 2020

No caso dun novo confinamento durante este curso aplicaríanse os estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles correspondentes ao momento no cal teña lugar, tendo en conta a secuenciación e a temporalización de contidos previstas no apartado 6 desta programación así como a normativa vixente e similar á da addenda do curso 2019 – 2020.

## **25. Publicidade da programación**

Ademais da que se envía á inspección, unha copia desta programación estará dispoñible na sala de profesores do IES Parga Pondal para quen desexe consultala, así como na súa páxina web.

**Asdo. JESÚS PENSADO FIGUEIRAS**

**Asdo. PAULA M<sup>a</sup> IGLESIAS BARRAL**

**Asdo. M<sup>a</sup> DEL CARMEN CANEDO FONTENLA ( XD )**